ANO XXVII Nº 47
Agosto 2016

Xermolos

Asociación Cultural de Guitiriz

MANUEL MARÍA VIVENCIADO E ILUSTRADO POR NENAS, NENOS E MOCIDADE



ABEL PENA BODENLLE
Premio de fotografía

Cadernos

XXXVII CERTAME TERRA CHA

MANUEL MARÍA SEGUE ENTRE NOS

A palabra inmorrente de Manuel María e o seu compromiso insobornábel co noso pobo segue animando as nosas arelas de cada día, e tamén neste Festival de Pardiñas que el arrequentaba sempre coa súa nobreza e humanismo. No decurso de todo este ano, o noso poeta seguiu marcándonos o camiño coma un facho aceso. A participación de Manuel María era especialmente intensa nese momento álxido do Festival, cando as nenas e os nenos reciben os libros, agasallo dos seus traballos no Certame Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil. É unha amizade correspondida agora por eles, a través da lectura e seguimento da ética e da literatura deste mestre exemplar.

Xermolos loita porque as nenas e os mozos sintan a Manuel María na Alba de Groria de cadaquén. Que o lean, que o canten, que o imiten…, xa era unha teima mentres vivía, e agora quere que viva e medre con cada galega e galego. Máis ca un mausoleo ou monumento que garde a súa memoria, queremos que sexa o guieiro de sempre que vai con nós, coma transmitia Manuel María, facéndonos presentes a Otero Pedrayo, e outros, coma que o acompañaban sempre, a el, e aos que faciamos andadura ó seu carón. e sentiamolos coma que estaban alí entre nós, co xeito cordial e xeneroso co que falaba deles.

O PROTAGONISMO CREATIVO DAS NENAS E DOS NENOS

Xermolos sempre sentiu ás nenas e nenos, coma primeira liña das súas actividades. Manuel María desfrutaba desta dinámica, sobre todo nos Festivais de Pardiñas, cando subía ao palco para entregar os premios deste Certame. Descubrimos que algunhas e algúns deles gardan coma nun relicario, a foto na que o poeta lles entregaba o lote de libros. Nesta actividade vibraron con enerxía e emoción, non só os protagonistas directos, tamén todas as comunidades escolares. Moitas e moitos encadraron as fotos que recollen o momento no que o poeta lles entrega o diploma ou coma Manuel María asina os libros entregados...

TECENDO A HISTORIA

Recollemos agora unhas mensaxes que limos nestes meses en distintos medios e soportes e que nos axudan a facer historia:

Rosario Bahamonde: "Viva o galego!!!"

"¿Por qué no hablas castellano?"-Preguntoume alguén que entende perfectamente o galego e só porque non lle fai chiste o galego ou porque segue coa tontería na cabeza de que o castelán é mellor que o galego, teño que falar castelán. - Négome a seguir tal absurdo e síntoo se con isto ofendo a alguén. Galicia é un país bilingüe e ninguén que sexa nativo me pode impoñer unha lingua ou outra. Se alguén prefire o castelán, eu son tolerante e respeto a súa idea, pero eu mellor falo galego, que para iso estamos no pobo galego, con costumes e ideas galegas e iso non se vende, nin se cambia, nin desaparecerá nunca, como un artesán que fai o mellor pola súa terra, tallando xoias e reliquias coas súas mans ou coma o río Miño, que desde o pedregal de Irimia, segue paseniño e ledo o seu camiño ata convertirse nun galego de honra en nun galego forte e sabio, que deixa pegada e boas lembranzas en calquera parte do mundo.

Un pobo non é nada sen a súa lingua. Sen ti quedamos orfos, sen bandeira, sen identidade, sen ti non podemos respirar….e morreremos.

Só falarei castelán se hai algún extranxeiro que non entenda o galego, senon a nosa lingua é tan válida coma calquera outra. Non importa ser minoritarios, importa ser a voz da nosa vila, da nosa cidade e da nosa aldea. Non importa que nos chamen mediocres, paletos ou tontos por falar a nosa lingua propia, ignorantes son os demáis por discriminarnos pola lingua e non saber valorar por un igual a diversidade lingüística do mundo enteiro. Importa que a nosa lingua sexa o noso mellor traxe, o noso sorriso, o salaio do pobo, o berce dun neno, a compaixón dos que choran, a foliada ou o tempo de ruada dos novos, as xeadas do inverno e os fermosos solpores do verán.

Despois de ganar un premio de relato a nivel Terra Chá, onde Manuel María nos entregaba o premio, xa fai anos e despois de presentarme dúas veces consecutivas ao concurso de poesía," Entre Nós en Galego", a nivel provincial e sair ganadora as dúas veces, podo decir que o galego tamén é unha lingua fermosa que sirve para todo o que un se poida imaxinar.

Parádevos a pensar ben, abride a vosa mente e os vosos ollos. Viva o galego!!! Vivan todas as linguas do mundo enteiro!!! Todas son estrelas escintilantes, todas son maravillosas bolboretas, sexan amerindias, asiáticas, eslavas, indíxenas, nórdicas, xermánicas, minoritarias ou maioritarias...,todas son necesarias e non nos enganemos, cantas máis dominemos iranos sempre moito mellor. Non o dubidedes!

Juan Gayoso Iglesias *recollendo un premio no Festival de Pardiñas*

SOÑOS DUN NENO

por Juan Gayoso Iglesias

Lembrarse do que un soñou unha vez que esperta pola mañá, é unha sensación marabillosa. Vivir todo coma se fose real mentres o mundo semella estar parado na noite parécenos incrible, aínda que as veces os soños rematan e xamais volven.

Para min, foi unha sorte coñecer a Manuel María no Festival de Pardiñas cando era un cativo, se cadra non era un soño daquela, máis o tempo fixo que fose un soño cumprido. Lembro a sensación de estar no campo de Pardiñas, vendo a aqueles homes e mulleres que falaban dende o alto do escenario, mentres os meus pais esmerábanse en contarme a quen correspondían aquelas voces que facían que non perdese ollo do que alí pasaba.

Os nervios asaltáronme cando comezou a entrega de premios (no meu caso escribira un conto cando estaba a estudar no colexio de Parga). Cando o meu nome saíu da voz de un daqueles homes, o meu pequeno corpo deu un chimpo e boteime a andar pro escenario. Subín as escaleiras coma un raio e topeime con aquelas xentes que me foron saudando. Ó final, aquel home alto, con barbas e pelo branco fíxome entrega dun agasallo. As cámaras de fotos estalaban detrás de min e por pouco marcho sen darlle a man, cousa que afortunadamente fixen antes de voltar onda os meus pais co maior dos sorrisos.

Fora el, Manuel María, quen me fixera entrega do agasallo e xa o seu nome quedou dentro da miña memoria para sempre. A miña nai tamén se encarga de lembrarmo cada vez que o ve nunha revista ou na televisión. Dende aquela souben o que significaba Manuel para min, o tempo fíxome ir vendo o que significaba para nos. Un exemplo de amor pola nosa terra, polas súas xentes e polo que xuntos e xuntas podemos facer. Un home que sabía que as nenas e nenos son os que contarán mañá os feitos das mulleres e homes de hoxe. Agora algúns xa non somos nenos, pero si soñamos coma se fosemos tal. Grazas a esas persoas coma Manuel María, que se encargaron de ensinarnos que as veces os mellores soños son os que se teñen espertos.

ROSA ANEIROS: “sempre será lume e facho”.

A escritora ***Rosa Aneiros***, nun artigo publicado en “EI ideal Gallego (8-IX-2004)”, nos días do pasamento de Manuel María, trasmitía estas sensacións co titulo “Soio unha estrela por guia”, e escribía: “A el querolle dicir. dende aquela moza que o viu bailar a muiñeira coas meniñas dos meus ollos, no Festival de Pardiñas, que sempre será lume e facho. E dende a nena que recitou: “o cuco, cuco, cuqueiro/ o cuco, cuco, cucón…” quero darlle as gracias. porque formo parte da primeira xeración -a dos oitenta- que aprendeu galego na escola grazas ao traballo de persoas como Manuel María, e aí estaban as súas letras escritas que os cativos e cativas devolvemos ao vento”. Poucas veces, alguen concentrou na escrita con tanta emoción e xusteza a achega do poeta a un festival da mocidade, Cada edición, Manuel María, era recoñecido e admirado coma líder e guieiro dunha mocidade, que se laiaba, de que non tiña paradigmas, nos que pousar a súa busca de referencias. O noso poeta enchía de esperanzas e arelas o horizonte coas súas palabras. Sabemos de grupos de xente nova que acudían a Pardiñas coa teima de poder falar con él e recibir o seu alento.

Rosa Aneiros Díaz

ALBA SOFÍA NASEIRO LAMAS: “sigo a ler os teus poemas nos libros que ti me regalaches”

Arredor da Festa das Nosas Letras, no 2005, varios colexios chairegos programaron actividades, que principiaron convidando a lelo. Participaron os Colexios Insua Bermúdez de Vilalba, o de Pastoriza, o de Lagostelle e Baamonde, así coma os IES de Rábade e Guitiriz. Este achegamento a súa vida e obra tivo un punto de emoción, cando representacións destes centros de ensino nos xuntamos a carón da tumba dos restos mortais de Manuel María no cemiterio de Outeiro de Rei, alí todos os centros presentaron as súas ofrendas líricas ao poeta e depositaron ramos de frores. Recitaron poemas seus, pero tamén algunha obra propia, e mesmo interpretaron versos musicados. A daquela alumna de 4º do Insua Bermúdez de Vilalba, Alba Sofía Naseiro Lamas, que segue participando deste festival, abriu aquel día as intervencións transmitindo esta vivencia:

Alba Sofía Naseiro Lamas con Manuel María e Saleta, xunto coa súa nai María Xosé Lamas, na apertura da Rúa Lois Peña Novo en A Coruña no 2004. Escollemos esta instantanea no Centenario das Irmandades da Fala, lembrando a un dos seus líderes, este fillo egrexio de Vilalba. Foi unha das derradeiras fotos de Manuel María

CARTA A MANUEL MARÍA

“Ola, Manuel:
Non sei onde podes estar nin se vas a recibir esta carta, pero quero contarche moitas cousas. ¿Sabes? Por fin, son actriz de teatro, e gústame moito. A obra titúlase “COSTUREIRA SEN DEDAL” e escribiuna unha amiga túa, a miña mamá.
Na revista do meu colexio van adicar unha parte a ti. ¡Que ben!. Os profes pedíronnos debuxos sobre o outono e Nadal ou algo sobre ti, eu preferín facer algo adicado a ti.
Pensei moitas cousas, e decidín escribir esta carta. Quero que saibas que sigo a ler os teus poemas nos libros que ti me regalaches, que cada vez me gustan máis. ¿Sabes cal é o libro teu que máis me gusta? O Gato Mimi. ¿E o poema preferido?
Vou escribircho:

“A Terra Cha somentes é:
un pobo aquí,
outro acolá,
mil árbores,
monte raso,
un ceo chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.”
Moitos bicos, Amigo…
P.D./ Cando pase por Outeiro de Rei hei de levarche máis rosas amarelas”.

Alba Sofía recollendo un premio en Pardiñas no 2007 .

PRESENTACIÓN TEATRAL

A XEITO DE CANCELA

A camiñada de Manuel María

coas e cos alumnos do Club de Lectura do IES nº 1 de A Estrada.

ADAPTACIÓN OBRA polo Club de Lectura do 1º CICLO ESO.

T E A T R O



Muralla de Lugo. Vistas da cidade coa muralla. Poema saíndo.
Agora as túas árbores son torres de laxe,
cantería e cemento. A muralla é
a sebe que protexe e pecha
o teu círculo máxico e sagrado como ollo
misterioso e xigantesco, a espreitar
as grandes nubes tráxicas
que choran sobor de ti a súa
tristura inconsolable.
MANUEL MARÍA

(Aparece Manuel Mª)
- Bos días, nenos, parece que vos gusta ese poema.
ROSIÑA
- É ben bonito.
XAN
- Quen será este Manuel Mª?
MANUEL MARÍA (GONZALO)
- Eu son Manuel María.
Nacín no 29, o 6 de Outono,
en Outeiro de Rei da Terra Chá.
Son dunha caste rexa de labregos
fieis á súa terra.
Agora son un namorado.
LUCAS
- El é Manuel María,
cantor da Terra Chá que algúns lle din.
Cantor da Terra Chá, que leva
cravada nas entrañas.
El é Manuel María,
labrego con algo de poeta.
Por iso garda as albas
no fondo dos seus ollos
e anda devagar o seu camiño,
e pidelles ás cousas a súa tenrura
e aos homes pidelles verdade.
MANUEL MARÍA (GONZALO)
- Non teño máis tarefa: son unha humilde folla que salaia na noite escura movida polo vento.
Eu son Manuel María, un son tan só, lonxano e feble.
E vós, como vos chamades?

ROSIÑA
- Eu son Rosiña, filla doutra Rosa.
XAN
- Eu Xan, o máis pillabán.
CARMELA
- Eu Carmela, filla da Manuela.
BIEITO
- E eu o Bieito, que nunca ando ao dereito.
HELENA
- Pois eu, Helena, a da melena.
SALETA
E eu Saleta, a máis pizpireta.
MANUEL MARÍA
- Pois eu, como vos dixen, Manuel María. o que pasea de noite e dorme de día.
CARMELA
- Así que ti escribiches este poema sobre Lugo?
MANUEL MARÍA
- Si, escribin ese e moitos máis.
E logo vós que facedes por aquí?
BIEITO
- Nós íamos facendo o Camiño de Santiago, pero parece que nos perdemos.
ROSIÑA
- Ti, como dis que es de aquí, podiasnos axudar.
XAN
- Ou mellor, podías vir con nós…
HELENA
- Si, e así iriasnos contando cousas desta terra, que seguro que ti sabes moitas.
MANUEL MARÍA
-Ben, eu vou con vós, pero con dúas condicións. A primeira, que temos que volver ao Cebreiro, que é alí onde empeza o camiño galego. E a segunda, que en cada lugar que paremos vouvos poñer unha proba.
SALETA
- Unha proba? Xa estamos cos examenes! Non será moi difícil?
MANUEL MARÍA
- Non, será ben doada. Eu vouvos regalar uns libros coa miña poesía e vós teredes que atopar poemas sobre as cousas que vou contando. Todos de acordo?
(reparte libros para buscar os poemas)
TODOS
- Si, si. De acordo!
MANUEL MARÍA
- Pois entón… Camiñante, ao teu camiño!
(Imaxe, o ceo soleado, soa "camiño longo"… Música de transición)
Imaxe do Cebreiro, coas pallozas e a igrexa
MANUEL MARÍA
- Labrado da miña mao
fixen coa miña navalla,
un aradiño de pao…
un aradiño de pau.
Leva timón e chavella
¡e unha rella furadora
feita dunha lata vella!
Feita dunha lata vella!
MANUEL MARÍA

- E agora tócalle ao carro.
imaxe dun carro



TODOS
- Non canta na Cha ninguén.
Por eso o meu carro canta.
Canta o seu eixo tan ben
que a señardade me espanta.
Non hai cantar máis fermoso
Fino como un asubio…

MANUEL MARÍA
- Ben, ben, proba superada. Camiñante, ao teu camiño.
(Imaxe, o ceo soleado, soa "camiño longo"….Música de transición)
(Imaxe Samos, o mosteiro)

MANUEL MARÍA
- Boa camiñata fixemos, rapaces

ROSIÑA
- E ese castelo?

XAN
- Non ves que ten campás? É unha catedral.

MANUEL MARÍA
- Isto é un mosteiro, o mosteiro de San Xulián de Samos, ben antigo pero ben conservado, e que poden usar os peregrinos coma nós para descansar. E ademais, aquí cómense boas troitas e anguias…

CARMELA
- Entón imos velo e descansar.

MANUEL MARÍA
- Ben, pero antes… outra proba!

BIEITO
- Temos que buscar unha poesía sobre o mosteiro?

MANUEL MARIA
- Non, mirade para aquel prado…
prado con vacas
- Coñecedes aquel animal que está alí pacendo?

HELENA
- Si, é un cabalo pequeno.

XAN
- Aquí estamos, en Pedrafita do Cebreiro. Esta pequena igrexa que vedes aquí é a de Santa María, A Real, do século IX. E nela tivo lugar o chamado milagre do Cebreiro, o Santo Grial.

ROSIÑA
- O santo que?

MANUEL MARÍA
- O Santo Grial. Nesta terra os invernos son moi duros, neva moitas veces e, segundo conta a lenda, nun día de duro inverno un veciño dunha aldea de por aquí subiu para escoitar a misa, como facía todos os días. O cura pensou: "Tamén fai falta ser parvo para nun día coma o de hoxe vir ata aquí para ver un cacho de pan e un vaso de viño!" E entón, no momento da consagración, o pan e o viño convertéronse en carne e sangue, diante dos ollos do incrédulo cura. Nunha vitrina, consérvanse moitas cousas relacionadas con este milagre.

XAN
- Moi interesante, despois quero ir velo todo.

CARMELA
- E logo, aquela casa redonda co tellado de palla, que é?

MANUEL MARÍA
- É unha palloza, e aquí hai varias, que eran as casas que había por estes lugares hai moito tempo. E esa que vedes aí está convertida nun museo etnográfico.

BIEITO
- Etno qué?
LUCAS
- Etnográfico, un museo dedicado a recoller a historia dun pobo, e neste podemos ver como eran estas casas.
MANUEL MARÍA
- Xa se ve que es un rapaz ben espelido. Por certo, primeira proba, atopar un poema que eu escribín a un apeiro de labranza.
(… miran nos libros)
ROSIÑA
- Eu atopei un!
XAN
- Eu teño outro!
ROSIÑA
- O meu chámase "O Carro".
XAN
- O meu "O Arado".
MANUEL MARÍA
- Moi ben, primeiro o do arado, le.
Imaxes dun arado
XAN *(cantamos)*?
Cantan todos
¡Corre máis deprisa!
¡Que se perde o vento
xa verás que risa…!
MANUEL MARÍA
- Eu creo que lle gustou ben, aínda que ornear non orneou.
Imos logo ao Mosteiro e despois…. camiñante ao teu camiño.
Imaxe, o ceo soleado, soa "camiño longo" … Música de transic
pobo…)
MANUEL MARÍA
- Amodiño rapaces, que eu xa vou canso. Vedes aquel pobo al
nova parada
XAN
- Neste monte hai moitos toxos.
ROSIÑA
- E mira que flores máis bonitas teñen.
MANUEL MARÍA
- E vós sabedes como se chama a flor do toxo?
ROSIÑA, XAN, CARMELA E BIEITO
- Non, non, eu tampouco.
MANUEL MARÍA
- Un xeroglífico. Empeza pola primeira sílaba de algo doce que vos gusta moito aos rapaces para a merenda.
CARMELA
- Eu, xa, chocolate
BIEITO
- Entón, empeza por cho.
MANUEL MARÍA
- Si, e segue con algo que usamos moito os poetas para a que a nosa poesía quede bonita e soe ben.
ROSIÑA
- Bonita e soe ben?, a gaita, a gaita!
XAN
- Ti viches algunha vez facer poesía cunha gaita? Ti non pensas, Rosiña.



-
BIEITO
- Eu, eu! A rima, a rima. Cho, chorrima!
MANUEL MARÍA
- Aplicalle a ortografía. Bieitiño.
HELENA
- Claro, o r no medio soa suave, por iso ti suspendías as linguas, e botábaslle a culpa á profe. É chorima. Cho-ri-ma.
MANUEL MARÍA
- Chorima, chorima, así se chama a flor de toxo. E … proba! Poema á flor do toxo, buscar.
CARMELA
- Aquí está, atopeino eu.
MANUEL MARÍA
- Moi ben Carmela, pois a ti che toca lelo.
CARMELA
- Soio para competir co sol naceron
as chorimas amarelas, bágoas
da terra, lume do torrón, forza
primeira e misteriosa, chagas
que queiman o peito esmorecente.
- Non, ho! Ese é un burro.
MANUEL MARÍA
- Un burriño, si. E o poema que tedes que buscar está dedicado ao burro. Xa!
BIEITO
- Xa o teño eu.
Saleta le
O meu burriño
¡Arre, corre,
meu burro trotón
meu burriño manso,
meu burriño….
MANUEL MARÍA
- Xooooo! Para o carro, ou mellor dito, para o burro.
Este poema imos cantalo entre todos, a ver se poñemos contento ao burriño e nos dedica un orneo.
Quen ten boa cabeza para levar unhas orellas de burro?.
XAN
- Eu, que a teño ben grandiña.
MANUEL MARÍA
- Pois poñémosche as orellas a ti.
Agora precisamos doutro que non lle importe levar rabo.
SALETA
- Eu levarei o rabo.
MANUEL MARÍA
- Non se fale máis, ti levas o rabo.
E ti, Carmela, colles o ramal e chamas ao burro.
O RESTO
- E logo nós non imos facer nada?
MANUEL MARÍA
- Si, si. Vos poñédesvos detrás e coa vara esa ídeslle afalando, pero amodiño, eh!, non vaiades derrear o burro.
E a miña capa, ben lle serve de albarda.
Todos preparados… Atento, burriño.
Movéndose polo escenario escóitase a música que se vai reducindo pouco a pouco ata eliminala.



(O meu Burriño)
¡Arre, corre,
meu burro trotón,
meu burriño manso,
meu burriño bon!
-¡Corre, meu burriño,
non galopes, voa!
¡A ver se lle ganas
ao vento que zoa!
-¡Arre, meu burriño,
que es un preguiceiro!
¡A ver se lle ganas
Ao vento lixeiro….!
-¡ Corre, meu burriño,
nos cascos pon ás!
¡Se queres, o vento
Deixarás atrás…!
-¡Arre, meu burriño!
Sabedes que o cuco non fai niño, nin cría os seus cuquiños?

XAN
- E logo como fan para reproducirse?
MANUEL MARÍA
- Pois o cuco pon un ovo no niño dun paxaro máis pequeno ca el e o paxaro choca todos os ovos pensando que son del.
Cando nacen, o cuquiño é máis grande ca os outros paxariños e vainos tirando do niño, ata que queda el só.
Os paxaros aliméntano e críano pensando que é fillo deles.
E así o cuco ten descendencia sen pasar traballos cos fillos.
BIEITO
- Pois de boa se librou, pois miña nai sempre di que criar un fillo dá moito traballo.
MANUEL MARÍA
- O cuco sempre tivo fama de pillabán e de moi espelido. E como vós tamén sodes… Proba: poema do cuco! Buscade caladiños.
ROSIÑA
- Eu pillei o paxaro este. Aquí está.
MANUEL MARÍA
- Desta vez imos pedirlle a alguén do público…
SALETA
- Haberá por aí quen se anime a arredar o cuco, cantando este poema?
NOELIA E MAR SAEN DO PÚBLICO
- Nós mesmo
Saen xa cantando cara ao escenario
ROSIÑA, XAN, CARMELA e BIEITO
- O cuco, cuco cuqueiro.
O cuco, cuco, cucón.
¡Madrugueiro e cantareiro!
'Cantareiro e madrugón!
Óese pola carballeira
O vello cuco souril
Ó nacer a primaveira
entre marzo e o abril.
¡O vello cuco cucou
E moito máis cucará!

¡O cuco non me capou
E nunca me capará!
Polas mañás ben cediño
O cuco canta: Cu-cu…
¡Como o teño por veciño
Eu trato ó cuco de tu!

MANUEL MARÍA

- Grazas, rapazas. E nós… camiñante… ao teu camiño!

Imaxe, o ceo soleado, soa "camiño longo"… Música de transición (*No Monte do Gozo, ollando Santiago, o arco da vella…)*

MANUEL MARÍA

- Ánimo rapaces, que xa queda pouco.

BIEITO

- Mirade, alí ao fondo xa se ve Santiago, vese a Catedral.

CARMELA

- E ademais hai un arco da vella.
e tristeiro do serán,
aturuxos de luz enfebrecida.

MANUEL MARÍA

- Outra proba superada. Seguimos cara a Palas e… camiñante ao teu camiño.

Imaxe, o ceo soleado, soa "camino longo"… Música de transición

MANUEL MARÍA

- Xa andamos ben, xa estamos en Melide.

(Cruceiro de Melide)

ROSIÑA

- E esta cruz de pedra?

MANUEL MARÍA

- Este é un cruceiro. Galicia é terra de boa pedra e bos canteiros. Por iso ao longo dela atopamos moitos destes cruceiros, pero este que teñen aquí en Melide din que é o máis antigo de Galicia. Así que ben merece… outra proba! Poema ao cruciro! Buscade!

BIEITO

- Esta vez fun eu o máis rápido. Cruceiro, aquí o teño.

MANUEL MARÍA

- Pois ponlle voz de canteiro e recitanos ese poema.

BIEITO

- Semella un soño o cruceiro
soñado por non sei quén.
¡Un soño tan verdadeiro
que foi soñado moi ben!

SALETA

- O cruceiro é o gran amigo
das nubes e máis do vento.
¡Pedra queda, el é testigo
das cousas en movemento!

MANUEL MARÍA

- E despois desta pequena homenaxe á nosa arquitectura popular… Camiñante, ao teu camiño.

Imaxe, o ceo soleado, soa "camiño longo"… Música de transición (Prados, vacas…)

ROSIÑA

- Vistes cantas vacas hai nestes prados?

MANUEL MARÍA

- Si, porque andamos pola terra de Arzúa, onde son bos e famosos os queixos, e claro, para facer queixo hai que ter leite, e o leite dano as vacas.

XAN
- E as ovellas.
CARMELA
- E tamén as cabras.
BIEITO
- Pero o queixo de Arzúa é feito con leite d vaca. Por iso hai tantas por estes prados.
BIEITO *(son do cuco)*
- Escoitades? Calade…. escoitade! É un cuco, está cantando o cuco.
MANUEL MARÍA (Imaxe do carballo)
- Caladiños, amodo…. mirade nas pólas daquel carballo, alí está o cuco. Tivemos sorte porque é un paxaro que se escoita, pero é ben raro velo. Non fagades ruído para non espantalo.
ROSIÑA
- Que bonita está! Pódense ver perfectamente as sete cores.
MANUEL MARÍA
- Moi bonito, e dános pé para a derradeira proba. Poema ao arco da vella. Buscade antes de que chova.
XAN
- Eu atopei o arco das cores.
MANUEL MARÍA
- Pois, como xa case chegamos ao final da nosa viaxe, irá canda vós o grupo de música do voso IES, a ver se espantades a choiva entre todos. Eu marcho xa, que o camiño agora xa o sabedes.
XAN
- Adeus, Manuel.
HELENA
- Adeus, e moitas grazas polos teus poemas e pola túa compañía.
BIEITO
- Contigo foi moito máis doado o camiño. Adeus
MANUEL MARÍA
-Adeus, pequenos peregrinos, e non vos esquezades de darlle un croque ao santo.
Vén o grupo e tocan e van saíndo do escenario
XAN
- O arco da vella
no ceo subido
co seu colorín,
co seu colorido.
O arco da vella
con sete cores
que teñen, no ceo,
beleza de flores.
O arco da vella
no ceo chantado
co seu colorín
co seu colorado.
O arco da vella
É un arco triunfal
con sete guerreiros
que a ninguén fan mal.
O arco da vella
de luz feito é.
¡Resulta un milagre
que siga de pé!

2

Manuel María na ollada das nenas e nenos



Nerea Barrio Corral,
ESO., IES de Rabade

A MAQUINA DO TEMPO DA PROFESORA MÓNICA

Ola a todos e todas! Como xa sabedes, eu son unha profesora de moito prestixio, pois, ben, como podedes saber, inventei unha máquina do tempo. Pois entón, pasaremos a facer xirar a ruleta, a ver se nos toca viaxar ao pasado ou ao futuro, e a quen imos coñecer. ¡Alá imos! Un, dous, tres! Tócanos viaxar ao pasado, onde coñeceremos a… ¡Manuel María! Moi ben, pois saímos en: ¡cinco, catro, tres, dous, un…! ¡Cero! "PLOF" Agora mesmo atopámonos no ano 1950, diante da casa de Manuel María, en Outeiro de Rei. Polo que sei acerca de Manuel María, nestas datas andará a escribir o seu primeiro libro de poemas: Muiñeiro de Brétemas. Imos petar na porta para ver se nos deixan entrar.

- Si. ¿quen é?
- Ola, bos días! Son a profesora Mónica e veño do futuro; gustaríame coñecer cousas sobre ti.
- Por suposto! Adiante! Sabes que?
- Que?
- Pilláchesme xusto escribindo no meu libro.
- Se queres, pódoche axudar.
- De verdade? Pois mira. Non teño un título, axúdasme a poñerlle un?
- Por suposto! Que tal… "Muiñeiro de Brétemas"?
- Estupendo!
- Oiches?
- Que...
- Non é por mal, pero…. Non tiñas hoxe unha reunión?
- Ostras! É verdade!. Moitas grazas por recordarmo.
- De nada! Bueno, pois eu xa me irei logo.
- Agarda un momento! Toma, lévate o libro, se non fora por ti non o tería rematado!
- Moitas grazas! Chao!
- Chao!

PLOF! Xa estamos outra vez de volta! Bueno, como vistes, Manuel María é un grande escritor, pero tamén é moi despistado. Agora vou ler o seu libro. Chao!.

Xiana Abad López
5º E.P. CEIP. Teixeiro

O MELLOR POETA

Facia miles e miles de poemas,
dos que agora eu poido disfrutar.
Miles e miles de poemas,
dos que non me vou esgotar.

Ainda que se equivocara
el nunca se rindia,
ou é que non ves que estou falando
do mismisimo Manuel María.

Con cada poesía
viaxo a un mundo diferente.
Este poeta louva
os corazóns da xente.

María García-Anllo Seco 4º E.P. do CEIP. Antonio Insua Bermúdez, Vilalba

MANUEL MARÍA E…..

Un amigo xenial
Un amigo moi bo
Un amigo especial
Un amigo escritor
Un escritor total
Un escritor galego
Un escritor brutal
Un escritor chairego

Un chairego labrego
Un chairego estupendo
Se ves a Manuel María
estén moi atento.

María Caballero Prieto 4º E.P.
CEIP. Antonio Insua Bermúdez Vilalba

CARTA A UN POETA.

Manuel María:
Canto mimabas na nosa terra!
Cantos piropos soltabas!
Canto aloumiño en versos
nos deixaches,
dende Outeiro de Rei a Parga.

Non só este ano é para ti,
sempre te quixemos
e quereremos,
no teu berce
e o teu país.

Temos que agradecerche,
todo o que a natureza
non pode,
tódalas estrofas fermosas,
para árbores, ríos...
e lagoas.

Agora estamos nós,
para brindar por ti,
con rimas consonantes,
asonantes,
e as miñas principiantes,
para brindar
que xamáis morrerás,
coma as explanadas
da Terra Chá;
nunca punto final.

Fatima Fernández García, 2º de Bach.
Ies Poeta Díaz Castro-Guitiriz

MANUEL MARÌA

Mariñeiro das palabras
Amigo dos seus amigos,
Namorado da Terra Chá.
Un día escribiu poesías,
E tamén lendas e contos,
Libros feitos con ilusión.

Mirando á casa de Hortas
Alá polo seu Outeiro.
Ría e barullaba cos nenos,
Índa sen ser coñecidos.
As poesías recitaba.

Nara Gómez Gómez, 4º E.P.
CEIP Sto Estevo de Parga

MANUEL MARÍA

Unha poesía para Manuel María
que poder dicir que él non diga.
Gran poeta chairego
de corazón labrego.
Con Saleta casou
e ata o seu fin a amou.
Cada verso que él asinou
a nós nos namorou.
A Terra Chá iluminache
e co teu carro a conquistache.
Nesa Casa de Hortas,
na que en poucas horas,
compuxeches moreas de estrofas.
As túas poesías nos regalaches
e con elas nos encandilaches.
O día que o teu corazón parou
a Terra Chá unha nova estrela gañou.

Alba García, Carlota Millor, Paula López, Gabriel Prieto e Paula Santomé, do CEIP Antonio Insua Bermúdez, de 6º B.

MANUEL MARÍA

Manuel María
Poeta chairego.
Alegre escribiu
non esqueceu
un animal:
vaca,
galo,
año…
Un elemento natural:
sol,
lúa
arco….
Un lugar:
Terra Chá
Mundo Galego.
Miño, pai dos galegos.
Amor á familia:
nai,
muller,
amigos….
Rapaza do noso tempo,
imaxes dun soño na gaiola.
Aí van os teus versos, Manuel, nunha raiola!.

Nerea Villar Ferreiro 3º E.P.,
Manuel Mato Vizoso, Vilalba

A HISTORIA DE MANUEL MARÍA

Vou contarvos unha historia, a historia de Manuel María. O 6 de outubro de 1929 naceu o meniño Manuel María que xa de grande comezou a escribir poemas como o seu primeiro poemario "Muiñeiro de Brétemas". Veu a Lugo a estudar o Bacharelato e cando rematou quixo entrar na Universidade, pero suspendeu os examenes de ingreso.
Manuel María loitaba pola lingua galega xa que el era chairego. Seus pais eran labregos.
O segundo poemario de Manuel María foi "Morrendo en cada intre".
Manuel María seguiu escribindo pero tamén fixo: narrativa, teatro…
Na Coruña (o sitio onde foi vivir), adicouse só a escribir xa que era tan bon. Ata fixo un libro de poemas "Terra Chá". Foi (en 1997) nomeado socio de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega.
Manuel María casouse coa súa musa Saleta Goi e tamén deu clases nunha academia e colaborou cunha emisora de radio.
Manuel María aprendeu a escribir con Manuel de Paderna.
Volveu ingresar na RAG con 73 anos, o 15 de febreiro do 2003 nun acto celebrado en Vilalba, e recitou o discurso "A Terra Chá: poesía e paisaxe".
Chegou o 8 de setembro de 2004, Manuel María morreu. Esta enterrado en Santa Isabel (Outeiro de Rei), no pobo onde naceu.
Adicanselle este ano as Letras Galegas.

Laura Fraga Paz
4º E.P. CEIP Mato Vizoso

MANUEL MARÍA

Manuel María
para min é especial,
non para de pensar
para poemas da súa cabeza quitar.

Moitas veces sae fóra
para se inspirar,
e cando chega á casa
un poema compón.

Sempre colle a montón
libretas e papeis
cando vai de viaxe,
para escribir e se entreter.

Moitas veces anda a vez
poemas doutra xente
para sacar ideas,
e escribir os seus poemas!.

Darío Seixas Pérez-Carrillo 4º E.P.
CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

MANUEL MARÍA, ESCRITOR GALEGO

Manuel María,
escribe con sentimento
moita alegría e
bastante sufrimento.

En 1929 unha alegría ocorreu
xa que Manuel María naceu.
En 2004 unha desgraza padeceu
xa que nese ano morreu.

Manuel María,
escribe poesía.
Era unha gran persoa
ata o sabía miña avoa.

Poesía, poesía e máis poesía
iso é o que escribe Manuel María
con alegría…, moitisima alegría
pero tamén con fantasía.

Seus pais foron labregos
e el falou de homes chairegos.
Fixo os poemas con moita dedicación
e deles compuxose algunha canción.

Laura Fraga Paz 4º E.P.
CEIP. M. Mato Vizoso, Vilalba

MANUEL MARÍA

Este ano as Letras Galegas
están adicadas a Manuel María,
nacido en Outeiro de Rei.
Os seus pais recibirono con alegría.

Estudou bacharelato en Lugo.
"Muiñeiro de Brétemas" publicou,
e a todo o mundo
con este poemario conquistou.

Foi vivir a Monforte de Lemos,
era procurador de tribunais
e os seus novos poemas
foron fenomenais.

Alí tamén foi especial
e casou con Saleta,
presentou a Nova Canción Galega,
pero sobre todo foi un gran poeta.

E A Coruña para rematar
os últimos días foi pasar.

David Martínez Piñeiro. 4º E.P.
CEIP Sto Estevo de Parga

MANUEL MARÍA

Manuel María o mellor da vida.
Gústame un montón e fixo poemas a mogollón,
aínda que morrera sigo téndoo na cabeza.

Da Terra Chá fixo poemas ata rebentar
foi un gran escritor. Coma el non hai superior!

A***lba López Corral 4º E.P.***
CEIP. M. Mato Vizoso de Vilalba

3

A VIDA DE MANUEL MARIA SEGUNDO AS NENAS E NENOS



Mateo Rouco Rouco, 2º E.P.
CEIP. Mato Vizoso, Vilalba



Anxela Merelas Salgado,
5º de E.P. de Teixeiro

O MEU AMIGO MANUEL MARÍA

Ola!!, chámome María e vouvos contar a historia de Manuel María. Naceu no ano 1929 e cando empezou o colexio segundo o ollei, dixen:

- Este será amigo meu.

Con voz alta e clara dixo:

- Ola, chámome Manuel María, gústame facer poemas.

E si que era verdade, pasaba a metade da clase facendo poemas.

Despois, no instituto, xa os outros cativos metianse con el por gustarlle os poemas. E un día Manuel de Paderna achegouse onde estaba él, e dixo:

- Manuel, cando te miro vexo nos teus ollos poesía, contos…

Na Universidade estudamos Literatura e Escritura. Xa, xa era un poeta, de feito fixo unha poesía para nós os da Universidade, e eu dixen:

- Dentro de pouco será un escritor moi bo.

E así foi. dende ese día non o volvín a ver pero si que sei que sacou moitos contos, poemas, obras de teatro.

E o peor pasou no 2004, Manuel María morreu. Foi unha pena moi grande, por iso este ano dedicámoslle as Letras Galegas.

María Caballero, 4º E.P.,
CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

O POETA MANUEL MARÍA

Érase unha vez, fai uns poucos anos, en Outeiro de Rei. Naceu un neno chamado Manuel María. Cando xa tiña dez anos, acompañou a seu pai á barbería de Manuel de Paderna. Mentres afeitaba ao pai de Manuel María, Manuel de Paderna rimaba e rimaba e non deixaba de rimar. Cando acabou, Manuel María díxolle a Manuel de Paderna:

- Eu tamén quero aprender a rimar, ensínasme?.
- Por suposto – díxolle Manuel de Paderna.
- Mañá quedamos ás cinco en punto na árbore do parque, dixo Manuel María.
- Perfecto, dixo Manuel de Paderna.

Manuel María e o seu pai foron á casa, despois de cear. Manuel María e os irmáns foron á cama.

Ao día seguinte Manuel María almorzou, foi xogar cos seus irmáns ao xardín. As dúas en punto comeron, cando remataron Manuel María colleu un caderno e un boligrafo e foi cara o parque, onde alí estaba Manuel de Paderna esperando a Manuel María. Manuel María e Manuel de Paderna sentáronse na herba debaixo dunha árbore.

- Para rimar tes que rimar unha palabra con outra, tamén hai técnicas coma a de encadeamentos… Mira imos facer unha de encadeamentos, empezo eu –dixo Manuel de Paderna:

No baile hai ritmo
no ritmo hai pasos
nos pasos cancións
na canción hai voz.

-Agora, ti –dixo Manuel de Paderna.

Na voz hai amor
no amor hai corazón
e no corazón estás ti.

-Moi ben, tamén hai máis técnicas que irás aprendendo pouco a pouco –dixo Manuel de Paderna. Cando Manuel María xa tiña vinte e pico anos… empezou a escribir poemas e decidiu dedicarse a iso; escribiu moitos e vouvos dicir algúns: “O Cuco”, “O Caracol”, “O Can”, “O Arco da Vella”, “O Arado”, “O Foguete”, “Galiza”, “O Carro”, … E así foi como aprendeu a rimar Manuel María.

Sara Puentes Antas 4º E.P.,
CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

MANUEL MARÍA

O fantástico escritor Manuel María
Gústalle escribir todos os días,
Á beira da ría,
Fantásticas e marabillosas poesías.
Manuel María escribía o que sentía
en forma de poesía
a todas as horas do día
menos cando durmía.

Marcos Prado Pena
6º E.P. do CEIP. Teixeiro

MANUEL MARÍA, O ESCRITOR

e moi creador,
de contos e poesías
que nos debuxan sonrisas.

Sobre a nosa Terra Chá,
ten moito que contar
e falar.

Manuel María tiña moito valor
porque era un gran escritor,
Manuel María foi un bo soñador
e un gran traballador.

Xiao Seoane Vázquez, 4º E.P.
CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

MANUEL MARÍA E ROSALÍA

Ó excelente escritor Manuel María
gustáballe cantar todo o día,
á beira da súa amiga Rosalía
que sempre tiña moita alegría.
Eles dous xuntos escribían
todo o que sentían,
durante toda a súa vida
xuntos estarían.

Adrián Abad Freire
6º E.P. CEIP. Teixeiro

MANUEL MARÍA

Manuel María,
escribía poesías.
Manuel María,
debuxaba e lía.

Manuel María,
escribía e compoñía do mesmo xeito ca Rosalía.
Manuel María,
debuxaba e escribía.

Manuel María,
inaugurou unha libraría.
A Manuel María,
gustáballe a fantasía.
A Manuel María,
adicaselle este ano as Letras polo ben que escribía.

Idaira Fontela Vicente
6º E.P. do CEIP Teixeiro

O RATIÑO DE MANUEL MARÍA

Manuel María contento ía
polo camiño do muíño
buscando un ratiño
moi pequeniño.

Cando o atopou
un bon susto levou.

Tamén o levou Saleta
que é bonita como unha bolboreta.
Quedaron ledos co ratiño
e eu levo a alegría
cando leo a Manuel María.

Martiña Carro Freire
4º E.P, CPI Xanceda Mesía

MANUEL E SALETA

Esta é a historia dun señor chamado Manuel María que era de Outeiro de Rei e de Saleta que era de Lugo. Coñecéronse no 1950. El era moi guapo, alto, de pelo negro e ela era de estatura media, pelo castaño e moi bonita.

Os dous foron a un baile o sábado e a el impresionoulle a súa beleza. Invitouna a bailar e contestoulle que si.

Bailaron xuntos case toda a noite e quedaron en verse dentro de 8 días alí mesmo. Fixeronse mozos e estiveron dous anos saíndo xuntos. Un día do mes de maio, Manuel mercou un anel nunha xoiería moi cara e o día 17 de maio pideulle casar a Saleta.

Ela púxose moi contenta, mesmo se puxo a chorar de alegría, por suposto quixo casar con el.

Casaron no 1952 nunha igrexa adornada con moitas flores e música romántica, pois era unha parella que se quería moito.

Alba Tizón López
5º E.P. do CEIP. Teixeiro

EL É MANUEL MARÍA

Manuel María era un poeta.
El sabía rimar,
el sabía recitar.

Sabía cantar
pero non barullar.

Era un rimador
e un recitador.

Era cantador,
non un barullador.

El era Manuel María:
era o mellor!!!

Miguel Lozano Ron, 4º E.P.,
CEIP A. Insua Bermúdez, Vilalba



MANUEL MARIA

Manuel María é
un poeta de Outeiro de Rei,
as súas poesías son fermosas
e moito máis del sei.

Ë un home,
é un poeta
moi especial,
que chegou á súa meta.

Viviu en Monforte
como procurador
e como profesor,
e ensinou un montón.

Fixo poesías
tamén narrativas,
mentras as facía
ben se divertía.

Brayan Pérez Hernández,6º E P.
CEIP. M. Mato Vizoso, Vilalba

MANUEL MARÍA

Manuel María é xenial
todas as persoas
o oen pronunciar,
vense que son boas.

É escritor,
non te confundas
con actor,
que fai poesías moi profundas.

Manuel María naceu
pra ser o que era,
aínda que morreu
seguirá sendo o que foi.

Nerea Regueira Roca, 4º E.P.
CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

A VIAXE DE MANUEL MARÍA

Fai moitos anos cando Manuel María aínda era un cativo duns sete anos, él e os seus pais tiveron que mudarse por razóns de traballo e decidiron ir a Madrid. Ao día seguinte Manuel María decidiu erguerse cedo para organizar a viaxe para despedirse da casa onde nacera. Cando os seus pais espertaron e remataron de almorzar, Manuel María pideulles permiso para ir xogar cos seus amigos. Antes de despedirse dos seus amigos prometeulles que todas as semanas lles escribiria. Cando chegou á súa casa, os seus pais xa estaban cargando as maletas no coche. Cando Manuel María chegou a Madrid quedouse alucinado, nunca vira tantos edificios nin tanta xente camiñando pola rúa, e xa no seu novo fogar quedouse abraiado, era unha casa moi grande ata tiña xardín. Ao día seguinte na escola sentiase un pouco raro sin os seus amigos pero logo fixo amigos. En cada carta que lles mandaba aos seus vellos amigos ía un poema. Un bo día, nunha das cartas que Manuel María lle mandaba aos seus vellos amigos ía escrito un novo poema dedicado a Galicia. A carta chegou a Álvaro Cunqueiro. Alvaro leu o poema e quedou abraiado e decidiu porse en contacto con el. Cando Manuel María voltou á casa, os seus pais contáronlle a noticia. Alvaro Cunqueiro, o famoso poeta galego ía a ir visitalo a Madrid. Manuel María púxose moi contento pois era un gran admirador do seu traballo. Lendo as súas poesías na escola, Manuel María empezouse a interesar pola poesía e empezou a escribila, porque para el que Alvaro Cunqueiro se interesara polas súas poesías era moi emocionante, xa que era un gran poeta. Cando Alvaro chegou á casa de Manuel María, non estaba na casa, pois Alvaro Cunqueiro querialle dar unha sorpresa chegando antes do previsto. Cando Manuel María chegou, levou unha gran ledicia. Sentaronse os catro á mesa a falar dos poemas de Manuel María. Alvaro Cunqueiro propúxolle a Manuel María irse a Galicia, tras uns días de reflesión. Anos máis tarde, Manuel María xa era un rapaz e decidiu volver a Galicia onde se fixo un poeta famoso.

Uxía Vila González, 4º E.P.,
CEIP A. Insua Bermúdez, Vilalba

O POETA DA TERRA CHÁ

O poeta da Terra Chá
é un poeta triunfal
as súas poesías a ninguén
fan mal.

Rima e rima
e non deixa de rimar
gústalle cantar
como a todos os máis.

Os seus versos
para Saleta van,
e dedicados
ben que están.

Sara Puentes Antas 4º E.P.
CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

MANUEL MARÍA

Manuel María naceu en Outeiro
fillo de labregos, viviu no rural.

Comeza a escola en Outeiro de Rei
e fai o bacharelato en Lugo.

Aprende a facer versos ás tardes
de vrau á sombra dunha oliveira.

Escribe o seu primeiro libro
de poemas “Muiñeiro de Brétemas”.

Andrea Freire Sánchez
6º E.P. do CEIP de Teixeiro



4

FESTEXADO NAS LETRAS GALEGAS

Diego Ayaso Arnoso, 3º E.P.CEIP. Heroinas de Sálvora, Aguiño- Ribeira

MANUEL MARÍA

Manuel María,
o rei da poesía,
déronlle o premio
das Letras Galegas,
polas súas rimas perfectas.
A súa casa-museo visitei
e moi a gusto quedei.

Germán González Marín 4º E.P.
CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

ADICADO A MANUEL MARÍA

Ese día
está adicado
a Manuel María.

Tódolos libros
deste poeta
téñolles cariño.

Eu canto,
con alegría
os poemas
que el escribía.

Irene Rey González 3º E.P.
CEIP. Mato Vizoso, Vilalba

MANUEL MARÍA

Manuel María,
é a miña inspiración
non sei que faría
sen ese varón.

Manuel María
gústanlle as rías,
tamén lle gustan as poesías.

Ten unha casa
á que podes visitar
el vivía en Galicia
e aí o atoparás.

Era escritor
gran loitador
coa súa poesía ao
pobo camelou.

Manuel María.
Imos celebrar
unha festa en Galicia
para non esquecerche xamais.

As Bolboretas 4º E.P.
CEIP. Mato Vizoso, Vilalba

LETRAS GALEGAS

No mes de maio
hai un día importante
no calendario.
O día das
Letras Galegas
todos celebramos.

Todos os anos
hai un homenaxeado
diferente.
Este ano
o homenaxeado
é Manuel María.

Adrián García Vilares 5º E.P.
CEIP Santo Estevo de Parga

LETRAS GALEGAS 2016

Na primavera hai unha festa
no noso pobo galego
celébrase no mes de maio
cando a vella saca o saio.

A Manuel María tocoulle este ano
as Letras Galegas de Rosalía de Castro.
Letra a letra foi facendo poesías
pensándoas e escribíndoas tódolos días.



Foi un poeta chairego
que lle gustaba mirar ó rego.
Onde se lle ocurrían poesías
sobre varios temas.

Óscar Veiga González 4º E.P
CEIP., A. Insua Bermúdez, Vilalba

O MES DE MAIO

Xa chegou o mes de maio,
o máis florido.
Os días son longos,
e fermosos todos.

Neste mes as flores
están que arrecenden olores.
E tamén lle chamamos
o mes dos maios.

A herba está verde
e prodúceme sensibilidade,
pero pouco a pouco
a súa cor vai ir cambiando.

O mes de Maio
é bonito
porque en Galiza se celebra
o Día das Letras Galegas.

Cada ano o día dezasete de maio
adícaselle a un poeta galego.
Este ano tócalle ao chairego
Manuel María Fernández Teixeiro.

Alba Tizón López
5º E.P. do CEIP. de Teixeiro

5

POEMA ILUSTRADO: A VACA



Lucía Otero Piñeiro, CEP.
Riomaior de Vilaboa, Pontevedra

A señora Vaca
traballa sen tasca
mantén á súa cría
dá leite prá casa.

A señora Vaca
non dá descansado,
tira polo carro
e arrastra o arado

A señora Vaca
-Ten a color teixa-
sofre en silencio
mais non se queixa

A señora Vaca
vai do monte ao prado
e do prado ao curro
con ar resignado

A señora Vaca
é humildade e mansa:
non sei que misterio
na súa ollada cansa!

Non sei que misterio
nos seus ollos quedos
que semellan feitos
de noites e medos!

Laura Roca Carreira, 4º E.P.
CEIP. Lagostelle de Guitiriz



Sergio Ocampo Verdes, 5º E.P.
CEIP. Mato Vizoso de Vilalba



Mariña Pombo Roura, 3º E.P.
CEIP. Santo Estevo de Parga

A XATA

¡Como a carta se conoce!
Filla de vaca Marela.
¡O que come ben mo foce!
¡Non hai becerra coma ela!

¡E que pelo está botando!
¡Esta xata non ten venda!
¡Mentres a vou criando
que san Antón ma defenda!

Leo Pedride Sandá, E.D. Infantil
CEIP. Virxe do Portal, Sobrado

Martín Vázquez Villamor, E.D. Infantil
CEIP Virxe do Portal Sobrado



A VACA

A señora Vaca
traballa sen tasa,
mantén a súa cría,
dá leite prá casa.

A señora Vaca
non dá descansado,
tira polo carro
e arrastra o arado.

A señora Vaca
–ten a cor teixa–
sofre en silencio
pro non se queixa.

A señora Vaca
vai do monte ao prado
e do prado ao curro
con ar resignado.

A señora Vaca
é humilde e mansa:
¡non sei qué misterio
na súa ollada cansa!

¡Non sei qué misterio
nos seus ollos quedos
que semellan feitos
de noites e medos!

Lucía Blanco Manteiga, 4º E.P.
CPI. de Xanceda - Mesia



David Salgado, Xian Sobral e Hugo Moledo
2º B, E.P.,CEP. Riomaior de Vilaboa

QUERO SER POETA

Xa fai moitos anos había un neniño chamado Manuel que vivía nunha aldea galega.

Non era un neno calquera, porque non soñaba con ser médico, bombeiro, astronauta…., el soñaba con ser un gran escritor e poeta.

Cando ía coas vacas ao monte, el levaba un caderno e escribía fermosos poemas que despois escondía porque o seu pai non quería que andivese perdendo tempo con esas tonterías.

Na escola a súa mestra estaba sorprendida do ben que falaba e debatía Manuel, e cando tiñan que escribir algo, el facíao de marabilla.

A mestra falara cos pais para que Manuel fora estudar para a cidade, pero os pais non quixeron e o neno quedou moi triste.

Manuel escribía poemas sobre os campos, os montes, os ríos… que rodeaban cando ía cos animais.

Unha tarde na que estaba coas vacas no monte, Manuel escribiu fermosos poemas, e ao chegar a noite voltou para a casa sen darse conta de que o seu valioso caderno de poemas quedáballe alí. Ao chegar á casa decatouse de que lle faltaba, pero como era noite pecha a súa nai non o deixou sair buscar o caderno.

Ese día foi un 17 de Maio, un dos días máis tristes de Manuel porque perdera o seu caderno, chorou toda a noite e pensou morrer de pena.

Ao día seguinte á primeira hora da mañá regresou ao monte, pero o caderno xa non estaba.

Andivo buscando por todos os sitios pero non o atopou.

Os días pasaron e Manuel regresou á súa rutina, pero xa non era capaz de escribir. A súa sorpresa foi que ao cabo dunhas semanas uns ilustres da lingua foron buscalo ó colexio porque o caderno chegara as súas mans e estaban sorprendidos dos poemas que escribía.

Manuel ese día creeu na maxia das letras galegas, converteuse nun gran escritor recoñecido en todo o mundo.

Sofía Vigo Ares
5º E.P., CEIP. Teixeiro

6

POEMA ILUSTRADO: A NATUREZA



Yaiza Cordo Mayán
CEP. Riomaior de Vilaboa

Gloria Iglesias Grobas, 2ºE.P.
CPI. de Xanceda, Mesia

Erea Platas Castro, 2ºE.P.
CEIP. Mato Vizoso de Vilalba

NUNHA RAMA DE OLIVEIRA

I

Nunha rama de olivo
vive desde hai un tempo
un moucho pequeniño
que vivindo pasa o tempo.

II

Cando a primaveira chega
el ponse moi ledo,
vendo como verdea a herba
e como sae o sol máis cedo.

III

Cando chega o verán
de tanta calor que tén
só pode mirar a vida pasar
xa que o seu amigo da praia non vén.

IV

Despois no outono
todo cambia de cor
o seu fogar parece outro
sobre todo ao solpor.

V

Pobre moucho no inverno
sempre é noite,
e todo vai cheo de xeo
de tal aburrimento el só dorme.

Natalia García Gutiérrez 5º E.P.
CEIP Santo Estevo de Parga

O GRANXEIRO E OS MERLOS

Había unha vez un granxeiro que tiña os campos cheos de millo. Un día o granxeiro foi á horta e viu que lle faltaban moitas espigas.
Aquela tarde sentouse e esperou para descubrir quen lle roubaba a súa colleita.
De súpeto mirou para o ceo e viu chegar unha bandada de merlos que se pousaba na súa terra. Os merlos comían os grans!!
O granxeiro berroulles:
- Merlos porque me roubades o millo?
- Non temos que comer e se non comemos, morremos- dixeron os merlos.
- Pois habermo dito antes – contestou o home.
O granxeiro labrou máis terras e sempre lles daba comida aos paxaros.
Todos viviron felices compartindo o millo.

Candela Rodríguez Gandoy
2º E.P., CEIP. Nº 1 de Foz

7

POEMA ILUSTRADO: GALICIA



Eva Mª Alonso Felpeto, 5º E.P.
CEIP. A. Insua Bermúdez de Vilalba

TODO UN SOÑO CON MANUEL MARÍA

Había unha vez nunha aldea, unha rapaza chamada Xoana. Ela non podía ir ó colexio porque era pobre, pero en realidade era a mellor, xa que sempre estaba contenta, e non se sentía pobre.
Un día, fai tempo, cando fora levar as vacas ó prado dixo que vira a alma de Manuel María, e que lle recitara o poema de: "O Carro".
Cando chegou á casa contoullo ao seu pai, e á súa irmá Carmela. Ningún deles a creu ata que ela lles dixo que foran con ela ó prado xa que el lle dixera que ás seis da tarde volvería. Eran as seis e cuarto e a alma de Manuel María non apareceu, entón en toda a aldea tomárona todos coma unha mentireira.
Ó día seguinte tocáballe ir levar as vacas a súa irmá, Carmela, marchara pola mañan e non volvera ata as tres e media, e ela dixo que vira a alma de Xosé Neira Vilas. Seu pai pensou que non podía ser posible que cada día vira a un calquera.
O pai pensou que Carmela lle estaba contando unha trola, pero ela dicíalle que non, que era verdade.
O caso foi que durante dous meses ningunha as voltou ver.
Cando Xoana cumpriu 15 anos, comezou a ir ó colexio. O primeiro día foi Mini e Mero en memoria a Manuel María. Cando lle contaron que eles o coñeceran, Xoana díxolles que ela o vira facía dous meses, pero eles non a crían, claro. Xoana dicía que el defendera a nosa lingua, O Galego, e díxolles que o seu poema favorito era o de "Galiza". AO DÍA SEGUINTE, XOANA DESPERTOU. FORA TODO UN FERMOSO SOÑO!

Uxía Dono García
1º ESO, C.P.I. de Xanceda



Uxia Rivera Amil, 4º E.P.
CEIP., Lagostelle de Guitiriz

Galiza

Galiza é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
Mais hai outra Galiza
que vai no sentimento!

Galiza somos nós:
a xente e máis a fala.
Se buscas a Galiza
en ti tes que atopala!

Manuel María.

Antía López Fernández, 4º E.P.
CPI de Xanceda, Mesía

A RAPAZA DO ABRIGO BRANCO

A rapaza do abrigo branco camiñaba pola rúa. Matinaba sobre a mañá que tivera, lembrando como, unha vez máis, non fora capaz de expoñer a súa idea na clase. Era moi orixinal e faríaa moi feliz vela levada a cabo, pero os demais tamén tiñan as súas propias ocorrencias e entre gritos e palabras a rapaza non puido falar.

Aínda que a rapaza tiña tanto na súa cabeza, decatouse de que na póla dunha árbore da rúa había anoada unha cinta azul. Non se detivo a observala porque estaba demasiado preocupada polo



seu propio dilema.

Xa lle pasara antes, intentar falar e non ser escoitada. E xa dende había un tempo consideraba a posibilidade de que a lingua non servise para o que tiña que servir. Porque cando todos falaban á vez, ninguén se entendía, e cando ela quería falar, non era escoitada. Semellaba unha parvada, pero tantos días co mesmo problema remataran desanimándoa.

Foi así que a rapaza do abrigo branco decidiu deixar de falar. Na casa limitouse a dicir o máis básico e no colexio só se molestou en responder cando os profesores lle mandaban. Polo demais, non dixo nada e a súa vida continuou sen grandes cambios, coma se o feito de non empregar a lingua non a afectara.

O único destacable durante os días seguintes, que non tiña que ver coa decisión da moza, foi a cinta azul que permanecía amarrada a aquela póla. A rapaza do abrigo branco intentou ignorala, porque só lle interesaba confirmar as súas sospeitas sobre a inutilidade da palabra. Sen embargo, sempre que pasaba diante daquela árbore, vía a cinta anoada e pouco a pouco foise fixando máis nela.

Pasadas varias semanas dende que a rapaza deixara de falar, apreciou que había algo escrito na cinta. Pensou en desanoala, pero como a póla estaba demasiado alta para ela, descartou a idea. Aínda así, cada día que pasaba por diante da cinta azul, sentía a súa chamada. Unha parte dela quería descubrir o segredo da fita, pero a outra lembráballe que era só unha curiosa tira atada a unha árbore.

A rapaza do abrigo branco non botaba de menos falar, pero non entendía por que se sentía máis triste ca antes; o único que cambiara dende entón fora que xa nin intentaba empregar a palabra. Incluso a escrita lle transmitía desconfianza; era ordenada e clara, pero se ninguén se tomaba a molestia de lela, tampouco servía para o seu cometido.

O tempo volveuse máis frío do que xa era e o abrigo converteuse no acompañante da rapaza; no único. A moza fórase afastando da xente sen comprender o motivo, mentres que o seu pesar medraba ante a atenta da cinta azul. A rapaza enfadouse coa fita e cando pasou por diante dela, non a observou.

Pero as cintas non querían deixala marchar e, un pouco máis adiante, atada a un banco, encontrou outra fita laranxa. A moza finxiu non vela e dirixiuse á súa casa. Canto máis procuraba a rapaza evitar evitar as cintas, máis delas atopaba; unha verde nun dos farois da rúa, outra vermella no portal dun edificio.... Rematou camiñando pola cidade mirando cara o chan; así polo menos non as vería.

Un día de tormenta, súa nai preguntoulle que lle ocorría, por que xa case non falaba con ela. Expresou a súa preocupación con máis argumentos e a rapaza que non quería responderlle, saíu a dar unha volta. A chuvia remitira un pouco e a moza chegou ata a árbore da cinta azul, disposta a evitala de novo. Pero non puido facelo porque o temporal levárase consigo a fita.

A rapaza soltou o paraugas e achegouse á árbore, buscando con urxencia a cinta que tanto intentara apartar da súa vida. Entón foi consciente do moi-

to que en verdade necesitaba aquela tira de tela, que dalgun xeito fora a súa amiga. A moza abrazou o seu abrigo branco, o único que coñecía os seus segredos e os seus sentimentos; o único ao que lle confesou a súa dor pola perda.

Colleu o paraugas e continuou o seu camiño. As outras cintas de cores que atopou, e que xa non se molestou en evitar, recordábanlle demasiado á súa querida fita azul. Nese intre, máis que nunca, desexaba ler o seu contido, pero non podía porque sentía que sería unha traizón cara a cinta que perdera.

Tampouco quería volver para a casa a enfrontarse a súa nai; non se atopaba en condicións de ver a ninguén. Non sabía por que a afectara tanto non ver aquela cinta azul, pero tras pensalo moito, comprendeu que non era só pola cinta. Era a situación na que estaba, o illada e o soa que se sentía. E aínda así non quería ceder, estaba decidida a apartar de si esa lingua que consideraba inútil.

Pero a súa determinación durou só ata que, engurrada nunha esquina, viu unha cinta azul. Antes de ser consciente do que sucedía, xa estaba correndo cara aquela fita e unha vez a colleu, alisouna un pouco e leu o que poñía nela:

"O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pesar máis profundo."

A rapaza precisou ler a estrofa varias veces máis, porque nunca unhas palabras tan sinxelas lle chegaran tan profundo. Despois lembrou as demais fitas que vira e soubo que as tiña que ler tamén. Colleunas por orde, a laranxa, e verde e a vermella. Estaban bastante separadas, polo que cabía a posibilidade de que se deixara algunha máis polo camiño. Pero a moza non lle deu demasiada importancia; aínda tiña que ler aquelas fitas.

"O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.
[...]

O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!"
Manuel María, "A fala"

Eran tan fermosos aqueles versos, tan certos... A rapaza avergoñouse de dubidar nalgún momento da utilidade das palabras; as que acababa de ler demostrábanlle o poderosas que eran.

De regreso á casa cavilou sobre o tema e o que implicaba que a lingua fose tan importante como se afirmaba nel. Pensou que se iso era certo, o problema que a amolaba dende había moito tempo non se solucionaría deixando de falar, senón todo o contrario. Se quería expoñer as súas ideas que tanta ilusión lle facían, se quería que a súa voz se alzara por enriba das demais; calando non o conseguiría, debía facerse oir, porque se quería vencer, precisaba a lingua.

Cando chegou á casa, a primeira persoa á que lle falou foi a súa nai, para tranquilizala. E a partir de aí atreveuse a falar con seguridade, a empregar esa lingua que era súa e que aprendera a amar. Gardou as cintas de cores nunha fermosa caixa e coa chegada da primavera, tamén gardou o seu abrigo branco nun armario.

Con aqueles versos no corazón, o único que lle quedaba por facer era descubrir quen era Manuel María. O nome soáballe moito, pero non podía recordalo por máis que o intentara. Descubriría de quen se trataba, pero xa fose o autor dos versos ou simplemente a persoa que os escribira en cintas de cores, chegara no momento preciso á vida da rapaza do abrigo branco.

Sandra Ferreiro García, 4º ESO, IES Manuel García Barros de A Estrada

A FALA

O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis febe,
o pesar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.



O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

Uxía Pérez Rodríguez, 2º E.P.
CEIP., de Teixeiro

Galicia



"Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
Pro hai outra Galicia
que vai no sentimento!"
Manuel María

Uxia Rivera Amil, 4º E.P.
CEIP., Lagostelle de Guitiriz

TEATRO



MANUEL MARÍA E OUTROS ESCRITORES

(Ábrese o pano, nunha cidade silenciosa, aparece o famosísimo Manuel María, co seu traxe negro e a súa garabata)

- Manuel María (contento): Bos días, señores e señoras. Aquí estou, o famoso Manuel María. Viñen para coñecervos, ah!, olvidábaseme, vou buscar ao meu amigo. (correndo polo corredor).

(Aparece co seu amigo Álvaro Cunqueiro) Presentovos a Álvaro Cunqueiro. (aplausos e máis aplausos resoan na sala).

- Álvaro Cunqueiro. (nervioso): Bo día, señoras e señores. (Un pouco tranquilizado) Son amigo de…. de Manuel María.
- Manuel María (alegre) Mira Álvaro, como lles estaba dicindo, viñen para coñecelos un pouco.
- Álvaro Cunqueiro. (saltando): Pois eu tamén estou encantado de coñecelos. Mira, veño agora.

(trae un poema e comeza a recitalo)

“Galicia docemente,
está ollando o mar.
Ten vales e montañas,
e terras pa labrar”.

- Manuel María (aplaudindo): Gustouvos?
- Álvaro Cunqueiro (correndo): Veño agora mesmiño

(sae da sala). (en canto aparece di): Señoras e señores preséntovos a Aquilino.

- Aquilino (susurrando): Mirade amigos, ímoslle dar unha sorpresa. Ímoslle cantar todos esa canción tan famosa que sabemos.
- Os tres (susurrando) 1, 2 e …. 3!

“Toda a miña xente
de labregos foi
xunguidos á terra
con xugo de boi.
Meu pai é labrego
tamén meus avós
pasaron a vida
tripando terras”.

- O público (asombrado): Ben! Hurra! Hurra!

-Manuel María: Gustouvos? Vale, pois agora vou facer unha cousiña cos dous amigos meus. (Collen cada un unha pandereta e comezan)

“Galicia docemente
está ollando o mar
Ten vales e montañas
e terras pa labrar.”

- Manuel María Gustouvos?
- Aquilino (susurrando) Vamos a darlles as grazas.
- O público (extrañado) A nós?
- Os tres (nerviosos) Siii!
- Aquilino: Comezamos a de 3º
- Os tres: Moitas grazas a todos.

E colorín colorado esta obra dos famosos acabouse de contado.

Idaira Fontela Vicente
6º E.P. CEIP. Teixeiro



Diana Grobas Cambre,
4º E.P., CPI., Xanceda- Mesia

QUERO SER POETA

Xa fai moitos anos había un neniño chamado Manuel que vivía nunha aldea galega.

Non era un neno calquera, porque non soñaba con ser médico, bombeiro, astronauta…., el soñaba con ser un gran escritor e poeta.

Cando ía coas vacas ao monte, el levaba un caderno e escribía fermosos poemas que despois escondía porque o seu pai non quería que andivese perdendo tempo con esas tonterías.

Na escola a súa mestra estaba sorprendida do ben que falaba e debatía Manuel, e cando tiñan que escribir algo, el facíao de marabilla.

A mestra falara cos pais para que Manuel fora estudar para a cidade, pero os pais non quixeron e o neno quedou moi triste.

Manuel escribía poemas sobre os campos, os montes, os ríos… que rodeaban cando ía cos animais.

Unha tarde na que estaba coas vacas no monte, Manuel escribiu fermosos poemas, e ao chegar a noite voltou para a casa sen darse conta de que o seu valioso caderno de poemas quedáballe alí. Ao chegar á casa decatouse de que lle faltaba, pero como era noite pecha a súa nai non o deixou sair buscar o caderno.

Ese día foi un 17 de Maio, un dos días máis tristes de Manuel porque perdera o seu caderno, chorou toda a noite e pensou morrer de pena.

Ao día seguinte á primeira hora da mañá regresou ao monte, pero o caderno xa non estaba.

Andivo buscando por todos os sitios pero non o atopou.

Os días pasaron e Manuel regresou á súa rutina, pero xa non era capaz de escribir. A súa sorpresa foi que ao cabo dunhas semanas uns ilustres da lingua foron buscalo ó colexio porque o caderno chegara as súas mans e estaban sorprendidos dos poemas que escribía.

Manuel ese día creeu na maxia das letras galegas, converteuse nun gran escritor recoñecido en todo o mundo.

Sofía Vigo Ares
5º E.P., CEIP. Teixeiro

Manuel María

MIÑA TERRA

Na sombría nenez,
que son capaz de recordar,
esperto co maino orballo,
dun setembro cordial.
Acouga no meu peito,
esa ledicia comunal,
e podo decir orgulloso:
miña terra é pra lembrar!

Eva Vaamonde Suárez,
1º ESO, IES Nº 1, A Estrada

MANUEL MARÍA

Manuel María é o
idioma, é a fala
desta pequena terra
chamada Galiza.

Con Saleta casou,
fixo a súa vida con ela,
e posto que a quería,
inauguraron unha libraría.

E así traballou
día tras día,
e como el dicía:
"eu son labrego
con algo de poeta".

Galiza para
Manuel María
era a arcadia
perdida.

Como vos dicía
inauguraron unha libraría,
chamouse a librería Xistral
e Manuel empezou a traballar.

Lucía López Roca
4º E.P., CEIP Teixeiro

8

POEMA ILUSTRADO: A PITA CHOCA

Ariana Mº Montero, 5º E.P.
CEIP Lois Tobio, Viveiro

PREMIO ESPECIAL:

Versión do poema "Xogos" do libro "Os soños na gaiola" de Manuel María

As e os alumnos do 1º A do CEIP de Arteixo traballaron en común sobre Os Xogos coas súas palabras e os seus trazos, e sobre todo disfrutaron transmitindonos o seu sentido da vida, emulando a Manuel María no seu soñar e crear. É fermoso que todas e todos eles cadraran e se identificaran no seu afán por ser poetas e persoas nobres, emporiso merecen este recoñecemento:

Álvaro Atrío Suárez, Miguel Baltar Añón, Izán Botana Suárez, Paula Castro Chans, Francisco Felípez Zas, Omar Fernández Pan, Tomás Figueroa Ríos, Carlota Freire Cerdeiro, Aiberson Galán Marte, Naiara García Eiroa, Lola García-Loygorri Fariña, Marina Gil Ramil, Laura Lagüela Ferreiro, Natalia López de la Fuente, Andrea López Méndez, Sebastián López Pérez, Maia López Rodríguez, Manuel Martínez Rabuñal, Izan Mira Barbeira, Javier Moinelo Martínez, Enzo Montes Ordóñez, Lucas Suárez Bello, Noa Suárez Otero, Malick Sylla, Noelia Vázquez Fernández e Ikebana Denise Villaverde Pampín



XOGOS

Non queremos xogar ao futbol
e tampouco cantar unha canción.
Non queremos xogar ao voleibol
e tampouco ir de excursión.

Non queremos xogar na piscina
e tampouco xogar coa cantimplora.
Non queremos xogar coa plastilina
e tampouco xogar agora.

Sabedes a que queremos xogar?
Queremos xogar a soñar,
Queremos xogar a rimar,
Queremos xogar a inventar un poema.

Un poema de xogos,
un poema de nenas,
un poema de nenos,
que queremos ser poetas

1º A de E. P. do CEIP de Arteixo



Claudia Regueiro Sánchez, 4º E.P. CPI., de Xanceda-Mesía

Daniela Ruiz Ramallo, 5º E.P. CEIP., M. Mato Vizoso, Vilalba

9

POEMA ILUSTRADO: OS CARBALLOS



Ikebana Denise Villaverde Pampin,
1º E.P. CEIP de Arteixo

Lucía Campos González, ESO.
IES., Díaz Castro de Guitiriz

O ORBALLO

O galo cantando
esperta a mañá
na herbeira o orballo
de cor branca está

O orballo fai brillar
as pólas dos carballos
no cume do lugar
están os paxaros cantando.

Mar Brey, ESO.,
IES. Nº 1, A Estrada



Gabriel Vázquez Fontaiña, 6º E.P.
CEIP Heroinas de Salvora Ribeira



María Bello Vázquez, 4º E.P.
CPI., de Xanceda, Mesía

ORBALLO

Ala na cima do monte,
chora un fermoso carballo
vai perdendo pinga a pinga
da fría noite o orballo.

A través da vella ponte
xa se albisca o amencer
e o fermoso carballo
vai perdendo o seu orballo.

Sheila Rey Ben, 2º ESO.
IES. Nº 1, A Estrada

A MANUEL MARÍA

Había unha árbore no bosque
que era tan rara tan rara,
que penso que non haberia outra
tan forte. Era un carballo
retorcido de non sei cantos
anos, eso só pasa na CHAIRA.

Anxo Míraz Vázquez
3º E.P. CIP. Lagostelle

Gabriel Vázquez Fontaiña, 6º E.P.
CEIP Heroinas de Salvora Ribeira



Samuel Souto Prieto, 2º E.P.
CEIP., M. Mato Vizoso, Vilalba

10

POEMA ILUSTRADO: O RIO

17 MAIO DIA DAS LETRAS GALEGAS

Manuel María (2016)

O Miño canle de luz e de méleca

Poema: Fala o río Sil

Porque eu nacín tan lonxe
quero morrer galego.

. . .

Chega, por fin, a Os Peares
para poder descansar
O Miño leótame ao lombo
e sen mais ... ¡Léiame ao mar!

Leo Sanfiz Arcadu, 2º E.P.
CEIP As Gándaras, Lugo

Río Sil

Estatua Manuel María
Monforte de Lemos

A GAITA PERDIDA

Érase unha vez un gaiteiro que estaba tocando coa súa gaita preto do río Miño. Chamábase Antón. Nun momento tropezou cunha pedra e caeulle a gaita no río.

En 4 horas tiña que facer un pasarrúas con outros gaiteiros. Buscou e buscou, meteuse no río pero non deu atopado a gaita.

Decidiu marchar e ir ver como tocaban os seus compañeiros. De súpeto comezou unha gran treboada. Chovía e chovía. O río Miño desbordouse e apareceu a gaita na beira, ós seus pés.

A partir daquel día Antón puido volver a facer actuacións cos seus compañeiros.

Aitor Díaz Lata 3º E.P.
CEIP. Sto. Estevo de Parga

XUNTOS SEMPRE!!!

Nós, somos nós,
por moito que nos queiran separar,
somos xente de verdá,
que choramos sen pensar.

Eu só quero resestirme,
Eu quero rirme,
cando só quero chorar,
e comezar a voar.

Eu non quero voar,
pola nube do mundo real,
eu só me quero relaxar,
na fantasía da vida real.

Todo o mundo dí,
que só hai unha vida pra vivir,
aínda que eu non penso así,
á fantasía hei de ir.

É bonito vir
ver o río Sil,
e non o vas sentir,
se vives por vivir.

Lara Castro 6º E.P.
CEIP Santo Estevo de Parga

Ana Judit e Sabela, 2º E.P.
CEIP., M. Mato Vizoso, Vilalba

O CAMPAMENTO IGUAL QUE O RÍO PASA CORRENDO

Un día pola mañá unha nena quixo apuntarse a un campamento. Díxollelo ós seus pais e así foi. A semana que ven empezaría. Estaba facendo a mochila e decatouse de que non metera o seu libro favorito para ocupar o tempo libre.

Pero cando chegou alí púxose triste porque ía botar de menos á súa familia e non coñecía a ninguén. O primeiro día presentáronse, os monitores ensináronlle as tendas, os vestiarios, o comedor….; tamén lles explicaron que o último día ían facerlle unha homenaxe a Manuel María.

Á nena encantoulle a idea, así que, aínda que era moi tímida, presentouse a ler un poema de Manuel María.

Tódolos días o pasou xenial no campamento. O primeiro día foron de excursión a Pontevedra, o segundo a Cerceda ó Parque Acuático, o terceiro á Mariña de Ferrol, o cuarto a Lugo ver a muralla, o quinto a pescar, o sexto que era o penúltimo, foron ver o río:

" O río pasa correndo,
non se para con ninguén"

De repente pensou que ese era o poema que ía ler mañá na homenaxe.

Ó día seguinte pola noite leu o poema diante de todo o campamento. Ó principio púxose nerviosa, pero logo xa non. Despois da homenaxe fixeron unha festa. A nena pasouno moi ben, estaba moi leda, xugou ata moi tarde cos seus amigos. Logo deitáronse e foron durmir. Antes de adormecer a nena pensou no poema que lera " O campamento igual que o río pasa correndo…".

Sara Paz Miragaya, 4º E.P., CEIP. Plurilingüe Lagostelle, Guitiriz



Paula Castro Chans, 1º E.P., CEIP., de Arteixo

11

POEMA ILUSTRADO: O GALO

Brais Lorenzo Uriz, 5º E.P.
CEIP., Santo Estevo de Parga

CAMIÑO A SAN ALBERTE

Érase unha vez un galo que foi ao San Alberte e bebeu un trago de auga da fonte. De repente, APRENDEU A FALAR!. Ilusionado e con chulería foi presumindo de que sabía falar.

Cando chegou ao seu pobo, Outeiro de Rei, contoulle á vaca que ao beber auga da fonte falou. Esta vaca tartamudeaba e non tiña tempo de ir a Sambreixo porque ía do monte ao prado e do prado ao curro. Ela quería probar a auga milagreira e entón díxolle, tartamudeando, ao burro se lle ía a San Alberte e lle enchía unha botella de auga e lla traía.

O burro aceptou pero tardou 10 días en ir e outros 10 en volver porque el era o máis preguiceiro do pobo. De paso que estaba alí, bebeu un trago de auga e axiña comezou a falar.

Ao chegar ao pobo, a vaca díxolle: moooooiito tatardaches en viiiir, daaadame a aauuuga.

O burro, buscando a botella nas alforxas, respondeulle: -enseguidiña, e deulla.

A vaca, con moita rapidez, bebeu toda a auga da botella para que efecto. Pero ao rematar, comezou a falar e non notaba ningunha melloría. O grilo que tamén estaba alí, riuse a rachar dela porque el non cría nesas lendas. Ela estaba moi preocupada e desilusionada cando, de repente, ve vir ao lobo. Este viña da romería de San Alberte. Alí, acudiu a unha misa, comprou unhas rosquillas e merendou coa súa familia á beira do río mentres gozaba da música e do son das gaitas.

Por sorte, o lobo traía varias botellas de auga desta fonte e, moi xenerosamente, deulle dúas a súa veciña, a vaca. Sen ningunha esperanza, colleunas e comezou a beber. Ao rematalas, as palabras saíanlle da boca sen ningún tipo de tartamudez.

Ao ver o milagre, o grilo programou una viaxe a San Alberte para o último domingo do mes de Maio. Todos os animais do pobo acudiron primeiro a misa e logo, probaron esa fabulosa auga. Grazas as súas propiedades puideron saír desta aldea guitiricense charlando e falando. E o máis importante, felices de coñecer un precioso recuncho con lendas e encantos completamente reais

Lucía Rodríguez Piñeiro, 4º E.P. do CEIP. Plurilingüe Lagostelle

Jorge Villares López, 2º E.P. CEIP., As Gandaras, Lugo

MANUEL MARÍA

Os poemas de Manuel María
gústanme un montón, son
divertidos e molan mogollón.

Lee o poema do "Galo" e
quedaraste adormilado e co
poema do "Arado" quedaraste
alucinado.

Manuel María é o mellor,
ti o tes que saber, porque
un pobre señor moito ha
de agradecer.

Alba Cendán e Sara Díaz 4º E.P.
do CEIP. Manuel Mato Vizoso, Vilalba



Andrés Martin, 2º E.P.
CEIP., As Gandaras, Lugo

12

POEMA ILUSTRADO: O SOL



Laila Yáñez Yáñez, 4º E.P.
CEIP., A. Insua Bermúdez, Vilalba

AS PALABRAS DE MANUEL MARÍA

O sol é escritor;
o rìo poeta
a lúa esconde un conto
e un poema.

A bolboreta vai
de flor en flor
recollendo o polen
con moito amor.

Manuel María
para o lector
escribe contos
a montón.

En Outeiro de Rei
el naceu
e coa súa palabra
á boneca lle escribiu.

A fouce, o lobo,
e o arco da vella
tamén o escribiu
este gran poeta.

Lucía López Alvariño e María Seoane González
4º E.P. CEIP Manuel Mato Vizoso, Vilalba



O alumnado de 4 anos do San Vicenzo de Vimianzo



Traballo colectivo do
San Vicenzo de Vimianzo

Alvaro Collazo Sanjurjo, 4º E.P.
CPI., de Xanceda Mesía



Traballo colectivo do San Vicenzo de Vimianzo

13

POEMA ILUSTRADO: O BARCO

Noa Seoane Pernas, 4º E.P.
CEIP., A. Insua Bermúdez, Vilalba

Jhoana Roca e Raquel Gómez, 4º E.P. CEIP., de Teixeiro

MANUEL MARÍA

Manuel María
poeta e chairego
poeta do mar,
poeta do vento.

As súas palabras
entran no corazón,
as súas verbas
exclaman amor!!!

Xabier Fernández Castro 4º E.P. CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

MARIÑEIROS

Mariñeiros da mariña
Alá estades
Na alta mar.
Un día tras outro
Estamos navegando
Lonxe da terra.

Mariñeiros da mariña,
Andamos pescando
Rodaballo, pescada, polbo e salmón.
Imos pensando nos nosos
Alá onde nos encontramos.

Adrián Santamariña Seijas 4º E.P., CEIP Santo Estevo de Parga

A MANUEL MARÍA

Manuel María
fixo grandes poesías
e realizounas con
gran mestría.
Fixo poesías do mar
e do vento,
e fixoas con moito
sentemento.
As letras galegas
estamos a festexar
e ao poeta da Chaira
as queremos adicar.
A Manuel María
gustáballe escribir,
e grazas a iso
fermosas poesías
puido conseguir.

Sabela González López 6º E.P.
CEIP. M. Mato Vizoso, Vilalba



14

POEMA ILUSTRADO: O CARRO



Lara Pedride Sandá, 2º E.P.
CEIP.,Virxe do Portal, Sobrado

MANUEL MARÍA

Manuel María tiña un carro
especial, con eixo e arado
espantaba a señardade
e cantaba en soidade.

Vai por lameiras
e camiños e cando
lle cae unha treitoira
queda na corredoira.

Coidado co eixo
que vai a caer
que si cae
pode caer.

Hugo Teijeiro 4º E.P.
CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

Martín Otero, 3º E.P.
CEIP., Lagostelle de Guitiriz

Lucas Pereira Amenedo, 4º E.P.
CEIP., Lagostelle de Guitiriz

15

POEMA ILUSTRADO: A TERRA CHÁ

Lucía Sambade Fontela, 1º E.P.
CEIP.,Virxe do Portal, Sobrado

O CORAZÓN DE MANUEL MARÍA SEMPRE VAI ESTAR NA TERRA CHÁ

Había un neno chamado Manuel María que naceu en Outeiro de Rei, e que queria moito á Terra Chá. E de maior dedicouse a facer moitas poesias. El queria facer moitas cousas para mellorar a vida das persoas, e queria evitar as guerras, porque as guerras son malas e perdemos xente que queremos. E Manuel María tiña un corazón enorme cheo de amizade e valentia.

Faia Stephanie Pumares Aira 3º E.P.
CEIP. Lagostelle, Guitiriz



Jorge Cabarcos López, 4º E.P.
CEIP. M. Mato Vizoso de Vilalba



Paula Roca Fanego, 3º E.P.
CEIP., Lagostelle de Guitiriz



Dani Ramos, 4º E.P.CEIP.,
Lois Tobio de Viveiro

UNHA TARDE DE SOÑOS CON MANUEL MARÍA

Esta historia comenza cunha nena chamada Pepa. Pepa ia camiñando pola rúa cándo se atopa con Manuel María. Ó velo reaccionou saltando e dicindo: -Hola eu chamome Pepa, ti es Manuel María, verdade?, dixo Pepa moi contenta.
- Si, o mesmo! que fas por aquí? dixo emocionado Manuel María.
-Ia visitar a Lagoa de Cospeito e ti?- dixo Pepa
-. Que coincidencia, eu tamén!- dixo Manuel María.
-. Podemos ir xuntos- engadiu.
-. É verdade, ímolo pasar moi ben- dixo a nena.
E os dous foron para a Lagoa, que tarde van a pasar eses dous!. Alí correron, saltaron, riron e pasáronno moi ben, ata fixéronlle unha poesía a ese día.
Entón Pepa escoitou unha voz que dicía: << Pepa desperta que vas chegar tarde ao colexio, veña!>>. Todo fora un soño, que pena... Hoxe tiña unha historia que contarlles aos seus compañeiros.

María García-Anllo Seco 4º E.P., CEIP. Antonio Insua Bermúdez, Vilalba



Naia Romero de Carvalho, 3º E.P. CEIP., Lagostelle de Guitiriz

MANUEL MARÍA E O CASTELO DE ANDRADE

Manuel María era un señor que paseaba moito pola Terra Chá. O día do seu cumpreanos (o 6 de outubro de 1942) pediu visitar o Castelo de Andrade.

Dentro puido ver as habitacións, os cadros, os salóns… Cando rematou a visita por dentro, subeu arriba do castelo e alí estivo ollando as casas, o concello, a Praza da Constitución, as igrexas e tódalas aldeas da contorna.

Cando baixou veu un pasadizo secreto, Manuel María adentrouse nel, cada vez era máis estreito, ao final había un espello máxico que concedía desexos.
Manuel María pidiulle 3 desexos:
1.- Que houbera paz no mundo.
2.- Ser un gran escritor.
3.- Que lle adicaran as Letras Galegas.
Cando saíu ía moi ledo, por atoparse co espello máxico.
Co paso do tempo, algún daqueles desexos cumpríronse, foi un gran escritor e este ano adicáronlle as Letras Galegas.

Xiao Seoane Vázquez, 4º E.P. CEIP. Antonio Insua Bermúdez, Vilalba

16

POEMA ILUSTRADO: BOLBORETA

Noa Roade Pérez, 1º E.P.
CEIP.,Virxe do Portal, Sobrado

Noelia Vázquez Fernández,
1º E.P., CEIP., de Arteixo

O PEQUENO MANUEL

Érase unha vez un pequeno neno que ía andar co seu can chamado Leo. Gustáballe andar polos bosques porque había moitos bichos, o seu animal preferido eran as bolboretas. Todos os días, no verán, ían pasear, bañábanse no río e deitabanse na herba. Unha tarde atopáronse con Federico e a súa irmá Xiana, que tiña unha xoaniña moi pequena, fixéronse moi amigos e todos os días se xuntaban para xogar.

Un día, cando xa empezara o colexio, a Manuel, que así se chamaba o neno, mandáronlle escribir un conto para un concurso. Ao principio pensaba que non sabía facelo porque estaba moi nervioso e, despois de moito cavilar decidiu pedirlle axuda ao seu amigo Federico e xuntos puxéronse mans á obra. Fóronse a unha cabana que tiña cerca da casa para pensar e alí lembráronse de Xiana e da súa xoaniña e empezaron a escribir sen parar.

Estiveron escribindo ata que a nai de Manuel os foi buscar á cabana porque se facía de noite. Estaban tan ilusionados escribindo que xa quedaron para o día seguinte para rematalo. E así fixeron, acabaron o conto e presentárono ao concurso.

Pasados uns días ían anunciar os gañadores do concurso e Manuel estaba moi nervioso. A mestra Rita dixo que o conto máis bonito era o que presentara Manuel e polo tanto era o xusto gañador. Manuel non o podía crer e foi correndo abrazar ao seu amigo Federico, xa que era un premio que gañaran os dous.

A partir daquela, cada tarde, Manuel ía á súa cabana escribir contos ata que se facía de noite.

Pasados moitos, moitos días Manuel fíxose mozo e hoxe todos o recordamos e admiramos como un dos escritores galegos máis recoñecidos en Galicia.

Carla Souto Gutiérrez 3º E.P.
CEIP. M. Mato Vizoso, Vilalba

MANUEL MARÍA

Manuel María foi un poeta
que naceu na Terra Chá.
agora é unha bolboreta
que non para de voar.

Celebramos en toda Galicia
o Día das Letras Galegas.
Manuel María é o protagonista
e non para de voar.

No meu cole, as nenas e nenos
non paramos de buscar
os seus poemas pequenos
que logo imos recitar.

"O Arco de vella", " O carro"
e "Galiza somos nós"
son moitos dos seus poemas
que el tiña para nós.

Silvia Cendán López 4º E.P.
CEIP., A. Insua Bermúdez, Vilalba

ÉRASE UNHA VEZ UN POETA

Érase unha vez un poeta
con moi boa letra,
tamén é un artista
que sae en moitas revistas.

Fala dun río
que non se para con ninguén,
eu tamén o digo
coa forza que ten!

Fala dunha boneca
feita de algodón,
con moito cariño
e ademais con corazón.

Fala da bolboreta
que baila polas flores
coas súas as fermosas
nas que están todas as cores.

Xoel Guizán Díaz, 4º E.P.
CEIP. M. Mato Vizoso, Vilalba

BOLBORETA

Bolboreta: vas, vés, volves
a ir e volves a fuxir
voando en círculo, indo
vindo, voando de novo
e outra vez revoando
nun espacio reducido,
sempre arredor da luz
que te acena e chama
con fulgor irresistíbel,
coa súa chama mortal
que te aniquila,
ioun pequena, delicada
fráxil bolboreta voadora:
dom, ofrenda, mensaxeira
do deus dos intres fuxidíos!

Nicolas López Cotos, ED. Infantil
CEIP., Virxe do Portal, Sobrado

17

POEMA ILUSTRADO: O CARACOL



Lucía Yáñez Seijas 4º E.P.
CEIP. M. Mato Vizoso de Vilalba



Claudia Rodríguez Bellas, 3º E.P.
CEIP., Santa Maria, As Pontes



Samuel Pardiño Basanta, 4º EP.
CEIP.,M.Mato Vizoso, Vilalba

Sara Paz Miragaya, 4º E.P.
CEIP.,Lagostelle de Guitiriz



Sara Pérez Penas, ED. Infantil, CEIP., de Arteixo

18

POEMA ILUSTRADO: O CUCO

Traballo colectivo do colexio San Vicenzo de Vimianzo

O CUCO
CU CU
POEMA DE MANUEL MARÍA
CUCO
O CU CO CANTA E CALA CALA O CARACOL

1. CANTA CUCO OU CALA CUCO

2. EU EN TI XA NON CHE CREO

6º EDUCACIÓN INFANTIL



COLEXIO DE TEIXEIRO

2. TAN SÓ PENSAS EN FOLGAR.
6.

cu cu
3. SOAMENTE DIS DÚAS NOTAS
7.

4. E XA TES QUE DESCANSAR!
8.

6º EDUCACIÓN INFANTIL

COLEXIO DE TEIXEIRO


CUCUCUCU
4. QUE ESTEAS CANTANDO OU NON!
12.

FIN


CUCU
Andrés Peres, Andrés Reus e Uxía 2º E.P., CEIP. de Vilaboa

O Cuco

Canta cuco ou cala cuco:
eu en ti xa non che creo
desde sei que vas poñer
o teu ovo en niño alleo.

Desdeixado e preguiceiro,
tan só pensas en folgar.
¡Soamente dis dúas notas
e xa tes que descansar!

¡Canta cuco ou cala cuco,
preguiceiro,nugallón:
a min pouco che me importa
que esteas cantando ou non!



Noa Purriños Justo, 3º E.P.
CEIP., Santa María- As Pontes

PREMIO DE VIDEO en Secundaria. Ies Guitiriz: CANTO AO IDIOMA GALEGO

Proxecto gravado por 4º da Eso.
Manuel María "Canto ao idioma galego", interpretado e gravadas as imaxes polos alumnos de 4º ESO IES POETA DÍAZ CASTRO
Música da profesora Sandra Tenreiro

CANTO AO IDIOMA GALEGO.

Dirección e produción Sandra Tenreiro
ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO (aportando algunhas imaxes e interpretando a música): Alba Bergantiños, Maria Calvo Teijido, Paula María Currás, Sergio Díaz, Andrea Díaz, NIcole González, ALba Morado, Brais Pita, Marta Rocha, Noemí Romero, Noelia Santalla, Verónica Carballeira, Diego Castro, Sara Castro, Xabier López Fraga, Noa Pena Bodenlle, Andrea Teijido Caínzos, Edgar Cobas Río, Laura Lobeiras, Nuria Losada, Sheila Pérez, Laura Porto, Alberto Cristóbal Suriel Soriano, Oscar Novo Martínez, Vicky Speranza de Jesús, Fernanda Cabezas.

Foron moitas as actividades do IES POETA DÍAZ CASTRO de Guitiriz para celebrar e dar a coñecer a Manuel María, pero quizais o momento álxido foi a visita á Casa Museo de Manuel María, o seu lar en Outeiro de Rei. Participou todo o centro e tamén visitaron o Campo de Santa Sabela, o cemiterio, etc.
Este centro foi pioneiro en musicar poemas dos nosos autores despois da fervenza que se espallou a eito, cos versos cantados de Díaz Castro: "A lus do mundo".
Toda esta paixón creativa está motivada pola entrega e xenerosidade da profesora de música, Sandra Tenreiro, á que lle pedimos unha colaboración:

Nas fotos: a estrea de "Canto ao idioma galego" na palleira convertida en auditorio da Casa Museo de Manuel María, dirixido por Sandra Tenreiro, aproveitando a xornada para visitar a Casa de Hortas. Na foto na súa biblioteca acompañados de Alfonso Blanco

19

POEMA ILUSTRADO: O CAN



Lucía Beade do IES. de Abegondo

POEMA A UN CAN DE PALLEIRO

Ti humilde can de palleiro, amigo meu:
Sabes ben
que toda a quietude é perfección.
¿Qué senso ten a túa nugalla?
¿ Cantas lúas docisimas morreron
no fondo canso dos teus ollos?
¡Que aldraxe tan fondo sintes
polos cás de caza, teus irmaos!
...
Amo, can de palleiro, a túa nugalla
a túa humildade,
a túa tristeza.
E o teu laio fondísimo
na miña alma ecoa longamente

Uxía Santos Freire, ED. Infantil
CEIP.,Virxe do Portal, Sobrado



CAN

A noite é un medo escuro.
Andan os cans a ladrar
con un aubeo tan duro
que non deixa de soar.

O aubido dos cans pon medo
nas noites da Terra Chá
semella un agoiro inquedo
que chega do mais alá!

Alejandra Folgar Saíñas 6º E.P.
CEIP.,Heroinas de Sálvora, Aguiño

Primaria: Video do Insua Bermúdez de Vilalba

O 27 de maio asistimos con entusiasmo á estrea da obra de teatro Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela de Manuel María, representada polas e polos alumnos de 4ºB do CEIP Antonio Insua Bermúdez no Auditorio de Vilalba, emporiso celebramos que decidiran enviarnos a montaxe

videografica sobre esta obra
Dirixida por María Guerrero.
Protagonizada por:
-Víctor Alvarez Vila, Adrián Anido García, Carla Caderno García, Carla Campello Currás, Andrea González Debasa, Mario López Lamas, Carmen Maseda Goás, Jimena Novo López, Leire Pita Peña, Uxía Ramil Blanco, Santiago Ramudo Anido, Nicolás Santomé Folgueira, Darío Seixas Pérez, Noa Seoane Pernas, Hugo Teijeiro Cabarcos, Laila Yañez Yañez,

Alfonso, o coordinador de Xermolos, xa comentara con admiración a ambientación creativa deste centro de ensino, cando participou uns días antes no xurado do Premio Benxamín Paz no mesmo centro, e do que se entregaban os premios nesta xornada da estrea desta obra de teatro.

No día do xurado Alfonso recibeu unha chapa coa efixie de Manuel María tal como aparece no mosaico que artellaron na parede de entrada do centro. Alfonso luciría con fachenda dende aquel día, esta chapa en todas as actividades relacionadas con Manuel María

MANUEL MARÍA E O INSUA BERMÚDEZ

Manuel María foi homenaxeado polas Letras Galegas do 2016.
Este ano, no meu colexio fixemos moitas actividades relacionadas con Manuel María.
O primeiro que fixemos foi un mosaico, que está colocado na entrada principal. Nel participamos todos e tamén nos axudou o profesor de plástica do Instituto.
No meu pobo tamén se celebrou a VII Carreira Popular das Letras Galegas, o martes 17 de maio ás 4 da tarde.
Neste mes de maio tamén nos visitou Mini e Mero que nos cantaron cancións cun antigo mestre do noso colexio, Avelino. A maioría das cancións cantadas eran dos poemas de Manuel María: "O Carro", "O Arado", "O Cuco"…
E os alumnos de 4º B fixeron unha representación teatral sobre "As aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela", obra tamén de Manuel María.
Ademais de todo isto, todos os alumnos/as do colexio tanto de infantil como de primaria fixemos debuxos e escribimos poemas sobre Manuel María. Todos están expostos polos comercios, tendas… da nosa vila.
Para o próximo venres 27 de maio, algúns alumnos imos ir ao Auditorio Municipal recitar algunhas poesías deste gran poeta.

Óscar Veiga González, 4º E.P., CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

AVENTURAS E DESVENTURAS DUNHA ESPIÑA DE TOXO CHAMADA BERENGUELA

20

POEMA ILUSTRADO: A LÚA

Abdessamad 3º de E.P.
CEIP. M. Mato Vizoso de Vilalba

O POETA CHAIREGO

Manuel María un poeta
amante da natureza
gustaballe ler, era un lector,
sen esquecer que foi escritor.
Encantábanlle as paisaxes
que él vía nas viaxes,
vivía nun pobo
vendo escabar os tobos.

Fixo poemas como
"O río"
"O barco"
"O arco"

Poemas de alegría
tardaba máis dun día,
fai falla moito tempo,
necesitase concentramento.

Escribelle á lúa
cando quería ir de rúa
iluminando pola noite,
durmindo polo día.

Brais Lozano Francos, 4º E.P.
CEIP M. Mato Vizoso, Vilalba

Hector López Arias, 2º E.P.
CEIP., As Gandaras de Lugo

Cómic de Manuel María



Alexia Cendán Rego, 5º E.P.
CEIP., M. Mato Vizoso de Vilalba

Vanesa Felpeto Vázquez, 5º E.P.
CEIP., M. Mato Vizoso de Vilalba

INFANTIL: PREMIO DE VIDEO: O centro SAN VICENZO DE VIMIANZO

O centro SAN VICENZO DE VIMIANZO creou unha fervenza de creatividade arredor de Manuel María, integrando todas as artes, así nos videos que recibimos de nenas e nenos de 4 e 5 anos, que afondan en poemas como O SOL, O ARCO DA VELLA E O LOBO, nunha esplosión de cores, trazos, enfoques impactantes...

Vídeo O lobo, Clase de 5 anos do San Vicenzo de Vimianzo

(Gael Alonso , Nagore Alvarellos, Marco Alvite, Claudia Baña, Samantha Canosa, Enzo Canosa, Adrián Collazo, Xoel Esperante, Brais Freire, Sara Infesta, Iera Lema, Matín López, Pablo Martínez, Mauro Mouzo, Kevin Parga, Nerea Pérez, Sara Rodríguez, Lis Romero, Doudou Sarr, Daniel Vieites),.

Video O Sol e Arco da Vella, da clase de 4 anos do San Vicenzo de Vimianzo

(Brai Ameijeiras, Mayra Arias, Iván Cundíns, Adrián Fidalgo, Andrea Jiménez, Manuel Lado, Aitana Lema, Davor Lema, Damián Lema, Marco Maneiro, María Paadín, María Pardiñas, Damián Pereiras, Sara Roget, Izan Santabaya, Iker Velo, Pedro José Vieites, Carmen Villar).

21

POEMA ILUSTRADO: O LOBO



Clara Araujo, 5º de E.P.
CEIP. Riomaior de Vilaboa

ESCOITASE LONXE.
PERDIDO ENTRE MATOS
NO FONDO DO MONTE,
OULAR DE LOBATOS.

TRAE UNHAS NOS ALES
NOS DENTES COLLDOS
TAN BEN AFIADOS
QUE DA MEDO VELOS

Traballo do Alumnado de 5 anos do colexio San Vicenzo de Vimianzo

O PRIMEIRO LIBRO DE MANUEL MARÍA

ALÓ POLO ANO 1950...

¡HOXE ESTOU MOI INSPIRADO PARA FACER O MEU PRIMEIRO LIBRO DE POEMAS!

¡VALE, MANUEL! QUE CHE VAIA BEN ESCRIBINDO!

¡MAMÁ! VOU FACER UN LIBRO DE POEMAS E VAISE TITULAR... ¿XA O PENSAREI?

E ASÍ MANUEL, CADA DÍA ESCRIBÍA UN POUCO MÁIS NO LIBRO.

ATA QUE UN DÍA, POR FIN, REMATOU O LIBRO.

¡LISTO! AGORA SÓ FALTA PONERLLE UN TÍTULO...

E ASÍ PENSOU, PENSOU E PENSOU ATA QUE SE LLE OCORREU UN TÍTULO.

¡MOI BEN, MANUEL!

¡XA SEI! ¡MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS!

¡MAMÁ! ¡REMATEI O LIBRO E TITÚLASE MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS!

O LIBRO, DESPOIS DE TODO, QUEDOU ASÍ:

MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS

MANUEL MARÍA

Xiana Abad López, 5º E.P. CEIP., de Teixeiro

PRIMARIA: Video do CEP RIOMAIOR de VILABOA

de 5º A "Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela" de Manuel María. Xa nos colexios de fóra da Terra Chá resultou seleccionado o video de 5ºA do CEP RIOMAIOR de VILABOA nas Rías Baixas

Berenguela converteuse en protagonista de moitas actividades neste curso, a súa maxia levou a escribir e debuxar deste xeito a Teresa Lorenzo García de 3º de primaria do Plurilingue de Lagostelle-Guitiriz:



BERENGUELA

Érase unha vez, unha espiña maltratada que ninguén a quería agás a súa madriña.

Todos ían contra ela, tivo que ir onda o xuiz, xunto a alcaldesa, e mesmo onda a carceleira!

Antes estaba no cárcere, a pobre Berenguela, e agora, grazas ao Espirito do Monte, é libre como unha cabra montesa!.

Teresa Lorenzo García, 3º E.P. CEIP. Lagostelle, Guitiriz

22

POEMA ILUSTRADO: O BURRO

Ana Juncal Outeiral, 5º de E.P.
CEP. Riomaior de Vilaboa

O MEU BURRIÑO

Arre, corre,
meu burro tratón,
meu burriño manso,
meu burriño bon!

Corre, meu burriño
non galopes, voa!
A ver se lle gañas
ao vento que zoa!

Arre, meu burriño,
non seas preguiceiro!
A ver se lle gañas
ao vento lixeiro...!

Corre, meu burriño,
nos cascos pon ás!
Se os queres, ao vento
deixarás atrás...!

Arre, meu burriño!
Corre máis deprisa,
que, se perde o vento,
xa verás que risa...!

Selma Blanco Pedreira 4º E.P.
CEIP., de Xanceda, Mesía

PREMIO MURAIS 5º de Primaria de Teixeiro

Coma reflicte Zoraida neste conto, Teixeiro viveu a fondo a festa de Manuel María con muráis, poemas, contos, etc., mesmo convidaron ao Coordinador de Xermolos a falar do poeta.

CARLOS E O SEU AMIGO

Èrase unha vez un neno chamado Carlos que vivía en Outeiro de Rei. Os seus pais eran campesiños e traballaban nas terras. Tiña nove anos e ía á escola.

Un día, os seus pais non estaban na casa e o neno estaba moi preocupado porque tiña que facer os deberes. Na porta había unha unha nota, colleuna e leuna: "Querido fillo; mamá píxose moi mala e tivémola que levar ao hospital. Tes todo o que necesitas no garaxe.

Moitos bicos de papá e mamá".

A Carlos esvaráronlle moitas bágoas.

Non se esperaba chegar do cole e atoparse con iso. O seu compañeiro, que o viu chorar, preguntoulle que lle pasaba. O veciño explicoulle todo e Manuel preguntoulle:

- Queres facelos comigo?

- Vale, se ti queres…
- Si que quero!!

E correron para a casa de Manuel a facer os deberes.

Ás sete María Xosé, a nai de Manuel, levoulles a merenda.

Nese momento estaban a facer a caricatura de Manuel María. Manu preguntoulle á súa nai se Carlos podía quedarse mentres os pais estivesen no hospital.

Ana dixo:

- Si que pode.
- Grazas mamá.

Os pais volveron semanas despois, e todos quedaron en paz.

Zoraida Fontela Vicente, 5º E.P. do CEIP. Teixeiro

6º EDUCACIÓN INFANTIL

COLEXIO DE TEIXEIRO

6º EDUCACIÓN INFANTIL

COLEXIO DE TEIXEIRO




¡AVERASELLEGAÑAS
OVENTO LIXEIRO...!

¡CORRE, MEU BURRIÑO,
NOS LASCOS PONAS!

¡SE QUERES OVENTO
DEIXARÁS ATRÁS...!





FIN

23

POEMA ILUSTRADO: O AÑO



Lara Cortegoso Rios, 5º de E.P.
CEP. Riomaior de Vilaboa

Esteban Villares Bello, 5º E.P.
CEIP. M. Mato Vizoso de Vilalba

O AÑO

Teño un año branco
como outro non hai,
¡Teño un año branco
que quedou sen nai!

Ven conmigo ao prado
e ao monte tamén,
a onde querer que eu vaia
el comigo ven...

Sempre ven conmigo,
sen min non se vai.
¡Eu son seu amigo
que quedou sen nai!

El comigo brinca
e eu con el,
¡Meu añiño branco,
meu amigo fiel...!

El comigo xoga:
¡moi manseiño é!
E sei o que fala
cando dice: ¡meé!

Nicolás Quintela García, ED. Infantil,
CEIP. Virxe do Portal, Sobrado

AUDIOS de POEMAS MUSICADOS:

En Primaria

De 5º p. Do CEP Riomaior de Vilaboa:

O rap do caracol: *Miguel López Otero*

O rap do corvo: *Sara Lusquiños Fernández*

O rap do merlo: *Irene Serodio Panadero*

O rap da lebre: *Iria Prado Rodriguez*

O rap do gato : *Raquel Trabazo Veiga.*

O rap do cuco: *Marta Cortegoso Pereira*

O rap do burro: *Borja Moreira Piñeiro*

O rap da vaca: *Ánxo Casas Pérez e Brais Aboy Martínez.*

En Secundaria:

Unha das visitas de Alfonso a centros escolares neste curso para falar de Manuel María, foi ao IES de Abegondo, onde participou nun acto onde se leron poemas e tamén se musicaron outros de Manuel María, coma "Coma o vento" na voz e á guitarra por Alex García López de 3º da Eso, na foto.

Este mozo fixo unha demostración dos seus recursos artisticos. Sumandose a tantos e tantas cantantes e grupos que musicaron os versos de Manuel María. Foi un exemplo de que a arte medra cando somos capaces de partillala cos demáis. Alex contaxiounos co seu ritmo expresando como chegara ao corazón deste poeta tan humano, harmonizando as cordas do seu espírito ao tempo cas da guitarra. Tamén tocaron varias pezas co gaiteiro e mestre Xosé Antonio Arias Rodríguez.

24

PREMIOS ESPECIAIS

MANUEL MARÍA by



ANDY WARHOL

a) “Achegamento ás vangardas do século XX a través da mirada de Manuel María”.

por alumnos de 3º da ESO do IES Terra Chá, de Castro de Ribeiras de Lea:

Sergio Peteira Iglesias (Georges Seurat)
Miguel Ängel López Puente (Paul Signac)
Nicole Labrada Areán (Roy Lichtenstein)
Joel Folgueira Fernández (Andy Warhol)
Sandra Lamas Díaz (Andy Warhol)
Alba Sinde Paz (Andy Warhol)
Candela Rodríguez Otero (Edvar Munch)
Iria Prieto Del Río (Edvar Munch)
Lucía Andión Rico (Henri Matisse)
Irea Santalla Rodríguez (Henri Matisse)







O 2 de xuño tivo lugar na Casa da Cultura de Castro de Ribeiras de Lea unha celebración dedicada a Manuel María, na que colaborou directamente a Asociación Xermolos e o Concello de Castro de Rei, coa participación de nenas e nenos de varios centros de ensino e en concreto do Ies Terra Chá dende a Biblioteca que coordina Carolina Rodríguez Yañez, que achegaron esta exposición e moitas outras actividades coma un convite que eles e elas prepararon dende o seu saber gastronómico, seguindo este guión de Rocío e Yolanda:

Presentou o acto o Coordinador de Xermolos, Alfonso Blanco, e interviron Mini e Mero interpretando os poemas de Manuel María.

Xermolos montou unha exposición, na foto, con obras de escultores e pintores sobre Manuel María que están na Casa das Palabras, e tamén de manuscritos e obras do poeta, á par da exposición: . "Achegamento ás vangardas do século XX a través da mirada de Manuel María".

A VOZ DAS ALUMNAS DO IES TERRA CHÁ

BOS DÍAS E BENVIDOS. MOITAS GRAZAS POLA VOSA ASISTENCIA. EU SON ROCÍO

• E EU YOLANDA. AMBAS ESTUDAMOS NO IES DA TERRA CHÁ.

• COMO XA SABEDES, HOXE REUNÍMONOS AQUÍ PARA HOMENAXEAR AO POETA DA TERRA CHÁ: MANUEL MARÍA, ESE VECIÑO DE OUTEIRO DE REI TAN QUERIDO POR TODOS NÓS.

• MANUEL MARÍA FOI UN GRAN POETA QUE RESALTOU POLA SÚA COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DA CULTURA E DA LINGUA GALEGAS, ASÍ COMO POLA SÚA IMPLICACIÓN EN ASPECTOS POLÍTICOS E IDEOLÓXICOS. OS QUE O COÑECERON, DIN QUE AÍNDA ERA MELLOR PERSOA CA POETA.

• ENTENDEMOS QUE A FORMA MÁIS AXEITADA DE ACHEGARNOS Á SÚA PERSOA É A TRAVÉS DA LECTURA DALGÚN DOS SEUS POEMAS, QUE CHE PARECE, YOLANDA?

• ESTUPENDO!! EMPEZO EU CO POEMA DE "RAPAZAS", PERTENCENTE Á OBRA TERRA CHÁ. ADICÁMOSLLO A TODAS AS MULLERES DA COMARCA AQUÍ PRESENTES (LECTURA DO POEMA)

• QUE VOS PARECEU? GUSTOUVOS? POIS AÍ VAI OUTRO. ESTE TITÚLASE "FEIRAS" E TAMÉN PERTENCE Á OBRA TERRA CHÁ. GÚSTAVOS IR Á FEIRA? MENUDA FEIRA QUE TEMOS EN CASTRO!!!! BUENO, POIS NA HONRA Á NOSA FEIRA E A TODAS AS FEIRAS DA COMARCA AÍ VAI ESTE SONORO POEMA, "FEIRAS" (LECTURA DO POEMA).

• E DUN CHAIREGO A DOUS CHAIREGOS MÁIS: MINI E MERO. SON MÚSICOS, POETAS, MESTRES E INVESTIGADORES DO FOLCLORE E A CULTURA TRADICIONAIS GALEGAS. FORMARON PARTE DE "FUXAN OS VENTOS"

E ACTUALMENTE SON COMPOÑENTES DE "A QUENLLA". TAMÉN FORON AMIGOS ÍNTIMOS DE MANUEL MARÍA.

• HOXE NOS ACOMPAÑAN PARA INTERPRETAR PEZAS CON TEXTOS DE MANUEL MARÍA E DOUTROS POETAS GALEGOS. TRANQUILOS, ENTRE AS PEZAS INTERPRETADAS ESPERAMOS QUE ESTEA O FAMOSO POEMA DE "O CARRO". E SE NON O CANTAN HABERÁ QUE PEDILO ENCARECIDAMENTE!!! LEMBRADE QUE MERO É O AUTOR DA MUSICALIZACIÓN DESTE AFAMADO POEMA. OS AUTÓGRAFOS Á SAÍDA (JAJAJA).

• MINI E MERO, MOITAS GRAZAS POR VIR. ESPERAMOS QUE VOS SINTADES ACOLLIDOS POR NÓS E QUE PASEDES UNHA BOA TARDE NA NOSA COMPAÑA. XA NOS CONTAREDES AO FINALIZAR (JAJAJA).

UN FORTE APLAUSO!!!

• A VER, QUE AÍNDA NON ACABAMOS, XA NOS ESTAMOS A FACER PESADAS??? POR ÚLTIMO VOS PRESENTAMOS A ALFONSO, CUARTO CHAIREGO E REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN XERMOLOS, COLABORADORES

DESTE EVENTO.

• BOAS TARDES AFONSO!! BENVIDO E GRAZAS POR ESTAR AQUÍ. A ASOCIACIÓN XERMOLOS AGRUPA A VOLUNTARIOS PARA PRESERVAR E DIFUNDIR A NOSA CULTURA. DESENVOLVEN O FESTIVAL DE PARDIÑAS, EDITAN PUBLICACIÓNS, ORGANIZAN EXPOSICIÓNS E MOSTRAS DE ARTE, CURSOS, CONGRESOS, ETC.

• AFONSO TAMÉN COÑECEU FONDAMENTE A MANUEL MARÍA. ASÍ QUE NINGUÉN MELLOR CA EL PARA FACERNOS UNHA PEQUENA INTRODUCCIÓN Á FIGURA DO POETA.

• ASÍ QUE, SEN MÁIS PREÁMBULOS, PASÁMOSLLE A PALABRA A AFONSO PARA QUE NOS FALE, DENDE UN ENFOQUE MÁIS PERSOAL, DO POETA QUE HOXE NOS DEU UN ARGUMENTO PARA XUNTARNOS.

• UNHA ÚLTIMA CUESTIÓN, RECORDADE QUE Á SAÍDA DO CONCERTO ESTADES TODOS CONVIDADOS A DEGUSTAR UNS PINCHIÑOS FEITOS POLOS ALUMNOS DE 3º DA ESO DO INSTITUTO. AGRADECEMOS A TODOS OS QUE POSIBILITARON O DESENVOLVEMENTO DESTE ACTO: BIBLIOTECA DO IES DA TERRA CHÁ E ALUMNOS DE 3º DA ESO, ASOCIACIÓN XERMOLOS, CONCELLO DE CASTRO DE REI E, POR SUPOSTO, A MINI E MERO (APLAUSOS).

• AFONSO, CANDO QUEIRAS (APLAUSOS).

b) SERIE DE DEBUXOS inspirados no poema "Galicia" de Os soños na gaiola

Por alumnos de 1º de primaria do CEIP de Foz nº 1:

Alejandro López Méndez, Aroa Dovale Perez, Ismael El Akkaqui, Jana Lage Lousas, Carolina Trincado Sobanno, Esteban Gorgojo Cuba, ALI lakrim El Khiari

c) POEMAS ILUSTRADOS DE 3º DO CEIP PLURILINGUE SANTA MARÍA DE AS PONTES

Aitana Alonso Torrente, José Luís Castro Castro, Marta Fernández Rego. Antonio Graña Montero, Douaa Karim Karim, Diego Lozano Calvo, Noa Purriños Justo, Eliana Rivas Rodríguez, Claudia Rodríguez Bellas, Xalo Rodríguez Pena, Lara Rodríguez Rodríguez, Dariia Vanholska.

24

CELEBRANDO A MANUEL MARÍA TODOS OS DÍAS

David Hermida Mouce, 5º E.P.
CEIP M. Mato Vizoso, Vilalba

Manuel Maria sempre presente ao longo do ano. Nesta fotografía, David Hermida Mouce de 5º, do Mato Vizoso achegouse coa súa cámara ao Paseo dos Soños no Río Rañego de Vilalba, onde cada ano Xermolos e a Irmandade Manuel María colocan un HECTOMETRO LITERARIO. El nesta fotografía premiada achéganos ao segundo hectómetro, homenaxe a Manuel María, celebrando os 50 anos da tradución (2007) ao portugués do seu poemario Os Soños na gaiola, o libro do que máis se serviron as nenas e nenos para estes traballos sobre o "poeta dos ríos"... A gaiola que tamén provocou as ensoñacións destes dous alumnos da Eso do Ies nº 1 de A Estrada.

MONOLOGO

O meu día a día sempre é igual. Calcadiño. Unha fotocopia. Todo o que fago escólleo a xente que me rodea. Nunca eu. Non teño dereitos. Non teño ilusións. Non teño nada. Vivo na miña gaiola, pechado en min.
Pero un día sairei.

David Iglesias 3º ESO
do Ies Nº 1 de A Estrada

A CASA MUSEO DE MANUEL MARÍA

Eu visitei a casa-museo de Manuel María, gustoume moitísimo, os libros e as navallas gustaronme máis e deume moita pena o cadro que había enriba da cama dos pais de Manuel María e o seu irmán desangrandose.

Germán González Marín CEIP.
A. Insúa Bermúdez, Vilalba

A SAIDA

Chámome Xosé. Teño dezasete anos. Enténdenme pouco. Murmuran que me gustan os homes. É vento. Mesmo din cousas moi duras. Chámanme de todo. Rexéitanme.
Un día quixen entrar no baño do instituto e non me deixaron. Tiráronme ao chan.
- Aquí non entran merdas- dixéronme mentres me pateaban, como se fose un trapo.
Cando cheguei á casa, conteille todo a meus pais. Todo. Absolutamente todo. Esta gaiola na que teño que vivir.
Miña nai abrazoume; meu pai… fitoume cunha ollada dura, de animal ferido… e marchou.

Andrea Montero Silva 3º ESO,
do Ies Nº 1 de A Estrada

DANIELA E O SEU SOÑO

Érase unha vez unha nena chamada Daniela, que lle gustaban moito as poesías de Manuel María. O seu gran soño era coñecelo.
Unha vez Daniela foi de excursión a Outeiro de Rei e viu a Manuel María. El convidouna a súa casa e divertíronse moito. Recitaron algunhas poesias e falaron das súas aficións. En concreto, el falou da súa colección de navallas e ela ensinoulle a súa colección de cromos.
Logo foron a merendar á bárberia de Manuel de Paderna.
Cando acabou o día despedíronse e Daniela foise contentisima porque coñeceu a Manuel María.
Dende aquela, Daniela fai poemas dedicados a Manuel María. E hoxendía é unha poeta moi famosa.

Silvia Cendán López, 4º E.P.
CEIP. A. Insua Bermúdez, Vilalba

Igoal que a pintura de AS NAVALIAS DE MANUEL MARÍA de Laura Rodríguez Porteiro, de 3º da Eso, do Monte Caxado de As Pontes, que nos fai lembrar o Rito da Navalla ao pé do Río Miño cada 8 de setembro, cabodano de Manuel María, tamén convocados pola Irmandade Manuel María e Xermolos. Nesa xornada entreganse unha navalla a alguén presente e outra, a título póstumo, a persoas relacionadas coa vida e obra de Manuel María.
e a pintura das navallas

" O Certame Terra Chá é un reflexo da intensa actividade arredor de Manuel María nos centros de Ensino"

Contos, debuxos, poesía, teatro, cómic, murais, fotografías ou videocreacións. Todo ten cabida no XXXVII Certame Terra Chá dedicado, nesta ocasión, a Manuel María.

- Que relación garda Manuel María co festival?

Manuel María foi un guieiro do festival, un facho aceso que non esmorece. El ten escrito que Pardiñas é un exemplo de festa comprometida co país, e ata lle dedicou un relato curto das andanzas de Manuel de Paderna onde canta todo o patrimonio, comarca a comarca. Pero sobre todo foi un festivaleiro que non perdía o evento, ten apurado o seu retorno de viaxes, por exemplo de Barcelona, para non perder o festival. E en Pardiñas incrementou a súa creatividade como naquela edición que lle pediu a Mini e Mero que lle puxesen música aos seus poemas de "Os Irmandiños". Convertía as súas andaduras polo Festival en regueiros de máis creación.

- ***Cal é a percepción dos rapaces sobre a figura do poeta segundo os seus traballos? Que aspectos destacan do autor de Muiñeiro de Brétemas, Terra Cháou Sonetos á Casa de Hortas?***

Unha marabilla!!! Achegaron ducias de caricaturas nas que solprende a fidelidade coa que transmiten a súa ollada ateigada de luz e capacidade de solpresa. Pero son moitas máis as ilustracións de poemas de M.M., sobre todo de Os soños na gaiola. Destacan o agarimo do poeta pola natureza e a súa identificación co pobo. Un dos poemas máis celebrado é "Galicia" pola súa aposta pola fala.

Recibimos varias representacións da súa obra de teatro Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela, polo que este certame é un reflexo da intensa actividade arredor de Manuel María dos centros de ensino.

- Cal foi o número total de traballos recibidos? Dende que partes de Galicia? De que tipo son os máis abundantes?

Foron 820 traballos de 68 centros de ensino. A maioría son da Terra Chá, pero tamén desa prolongación da Chaira na provincia de A Coruña: Teixeiro, Sobrado… Tamén sobresaen comarcas como As Pontes e as Rías Baixas… Nesta edición gañan as ilustracións dos

poemas de Os soños na gaiola e poemas que transmiten a pegada de Manuel María na imaxinación das nenas e nenos reflectida en versos moi lúdicos. De feito concedemos duas vagas de premios: os dos centros da Terra Chá e os das outras comarcas, as duas co mesmo recoñecemento..

- Que aspectos destacaría dos traballos no seu conxunto: calidade, innovación…? Foi difícil ser parte do xurado? Que outras persoas completaron o xurado encargado de revisar tódolos traballos?

O xurado ten que avaliar os distintos xéneros de creación. O máis difícil foi o debuxo e pintura, de feito ao que achegaron máis obra. Hai traballos moi currados, así os videos que achegan representacións de obras de teatro, como Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela do Insua Bermudez de Vilalba, os poemas cantados en rap do centro Riomaior de Vilaboa, o "Achegamento ás vangardas do século XX a través da mirada de Manuel María" do Ies Terra Chá de Castro de Ribeiras de Lea.ou as ilustracións do colexio de Teixeiro. Coma todos os anos teño que facer de segredario dun xurado formado por mozas e mozos de Guitiriz que tamén foron agraciados neste certame xa fai anos. Temos que facer outra selección como é a dos traballos que van integrar a Revista das e dos nenos, e a Exposición de debuxo, fotografía, carteis, etc…, que son máis traballos cos premiados.

- Cando se dará a coñecer o seu fallo?

Este luns xa no remate do curso.

- Os lotes de agasallos que recibirán os premiados da Terra Chá e tamén os do resto de Galicia o 7 de agosto arredor das sete da tarde conteñen libros e CD's. Algún adianto sobre os títulos?

Van recibir libros recén saidos do forno coma O regato do Cepelo de Fernán Alvarez, o CD Os Irmandiños de A Quenlla, Valuria de Xosé Otero, Ramón Reigosa "O canteiro

de Pardiñas" A Terra Chá na Poesía de Manuel María. Viaxes culturais para unhas viaxes poéticas de Camilo Gomez Torres, e algún máis

MOITO MÁIS EN PARDIÑAS

- Pero, ademais da entrega de premios do certame, o Festival de Pardiñas contará coas decenas de actividades habituais: artesanía, a XXIII Mostra de Instrumentos de Música Tradicional, música…

Algunha novidade?

A novidade é sempre mellorar a comunicación das e dos creadores cos festivaleiros/as, achegando actuacións impactantes neste terreo. Son importantes os pregóns: o do sábado na Mostra de Instrumentos, membros do grupo Os Rosales, clásicos da nosa música, que interviron no XIV Festival (1993) e o domingo en homenaxe a Manuel María o pregón vai ser de Mini e Mero. Na Casa das Artes imos ter exposición sobre este poeta mesmo con obras que o lembran en canteiría, pintura, fotografía, etc.

ENTREVISTA DE ALFONSO NO TERRA CHA XA!

MANUEL MARÍA SEMPRE EN PARDIÑAS

Xa nas vesperas do IV Festival de Pardiñas (1983) Manuel María falaba así deste evento cultural na Revista Xermolos, respondendo ao entrevistador:

-"A participación no Festival das Artes da Terra Chá é moi importante por moitísimas razós longas de explicar. Entre elas salientaría: o seguir co cultivo do idioma, o despertar o senso da beleza e o chegar a un conocemento máis fondo da realidade. Hai un xeito –ou unhos xeitos estéticos- de coñocer a realidade que son os máis fondos porque son os que chegan máis a sensibilidade e a intelixencia. Si os políticos ollaran máis arte e leeran máis poesía seguro que tiñan un coñocemento máis fondo da realidade e o mundo andaría mellor." (Revista Xermolos).

Xa máis tarde escribeu: "Das festas de agosto lembramos, principalmente, o Festival de Pardiñas da Terra Chá –un modelo de contido, de renovación e de imaxinación-, as da Peregrina de Pontevedra, as de Betanzos cos Caneiros e co Globo e as cosmopolitas de María Pita de A Coruña…". MANUEL MARÍA, "HOMES, FEITOS E PALABRAS" P.33 (13-8-1994).

O seu biógrafo Camilo Gómez Torres ten suscrito: "Queremos deixar constancia para non ter que repetirnos, da súa irrenunciábel presencia en acontecementos de celebración anual: a romaría da Santa Isabel de Outeiro de Rei, cada primeiro domingo de xullo; o Día da Patria en Santiago, cada 25 de xullo; a Feira e Festa da Música e da Arte, que organiza desde 1980 en Pardiñas, Guitiriz, a A.C.Xermolos…" (Gómez Torres, Camilo, Manuel María: os traballos e os días, Ed Laiovento, A Coruña, 2002, p.250).

E facemos nosas as palabras de Xosé Lois García no Festival do 2012, no seu pregón:

"OBSESIONADO POR ESTAR NESTA FESTA"

"Un dos festeiros maiores que ano tras ano peregrinaba a Pardiñas foi o poeta Manuel María, lembro en certa ocasión en Barcelona que estaba obsesionado por estar nesta festa. Teimaba e teimaba, contando os días de regreso e dicía que non lle podía faltar ao Alfonso e a Pardiñas. Manuel María foi o cronista máis preciso de anotar a relevancia desta festa de encontros e nunca de desencontros. Relevancia tal que só un poeta da dimensión de Manuel pode ofrecernos desta festa cargada de humanidade pola simple razón de que é popular. No poemario: "Versos para cantar en feiras e romaxes", Manuel María relata: "Á sombra das vellas carballeiras/ xa non se escoitan muiñeiras/ como no tempo dos avós".

No ano seguinte do seu pasamento:

"No Festival de Pardiñas (Guitiriz), viviuse un novo episodio desa eomocionante comuñón colectiva. Contouno Xurxo Souto o pasado domingo no xornal La Opinion, "o reloxo superaba a unha da madrugada. A unha mínima indicación de quen isto escribe, os festexeiros comezaron a cantar a coro o "Cuco, cuco, cuqueiro" e de seguido resoa, emocionante, a "Foliada das Encrobas" e por fin a xente toda une as súas mans para entoar os versos do poema "O carro". Poucas veces tan orgulloso me sentín. Manuel grande amigo de Alfonso Blanco e Xermolos, honrou coa súa presenza, ano a ano, este espazo de cultura e liberdade". A Nosa Terra (8-14 set-2005).

Manuel María sempre dedicaba en Pardiñas un tempo ás e aos nenos, coma podemos apreciar eiquí no XV Festival (1994)

FALLO DO XXXVII CERTAME TERRA CHÁ

RECIBIRONSE 820 traballos de 68 centros de ensino

Os premios son entregados o 7 de agosto, ás 7 da tarde, no Festival de Pardiñas

COLEXIOS DA TERRA CHÁ

DEBUXO

Infantil
David Balseiro García do Insua Bermudez de Vilalba
Aitor Rabade Gonzalez do Insua Bermudez de Vilalba
Martín Guizan Gonzalez do Insua Bermudez-Vilalba
2º ciclo
Sara Anido García, 4 anos, do Insua Bermudez de Vilalba:+
3º ciclo:
Kevin Pumares Caamaño, 5º, do CEIP Santo Estevo de Parga
Paula Caramatana López, 5º, do CEIP Santo Estevo de Parga
Sara Morandeira Lopez do CEIP Santo Estevo de Parga
Daniel Uriz Filgueiras do CEIP Santo Estevo de Parga
Primaria
1º Ciclo
Mateo Rouco Rouco do Mato Vizoso de Vilalba
2º ciclo
Uxía Rivera Amil, do Plurilingue Lagostelle-Guitiriz
Noa Seoane Pernas de 4º do Insua Bermudez de Vilalba
Lucia Yañez Seijas, do Mato Vizoso de Vilalba
Paula Roca Fanego do Plurilingue de Lagostelle
Sara Paz Miragaya do Plurilingue de Lagostelle
Lucia Yañez Yañez do Insua Bermudez de Vilalba
Abdessamad do Mato Vizoso de Vilalba
3º ciclo
Eva María Alonso Felpeto do Insua Bermúdez de Vilalba

Brais Lorenzo Uriz do San Estevo de Parga
Secundaria
Nerea Barrio Corral do Ies de Rábade
Lucía Campos González do Ies Poeta Díaz Castro de Guitiriz

POESIA

Primaria
2º ciclo:
Nerea Villar Ferreiro 3º E.P do Mato Vizoso de Vilalba
Nara Gómez Gómez, 4º E.P. CEIP Sto Estevo de Parga
Miguel Lozano Ron 4º E.P., CEIP Antonio Insua Bermúdez-Vilalba
3ºciclo:
Alba García, Carlota Millor, Paula López, Gabriel Prieto e Paula Santomé, do CEIP Antonio Insua Bermúdez, de 6º B.
Lara Castro 6º E.P. CEIP Santo Estevo de Parga
.Natalia García Gutiérrez 5º E.P. CEIP Santo Estevo de Parga
Bacharelato
Fatima Fernández García, Ies de Guitiriz

PROSA

Primaria
1º ciclo
Teresa Lorenzo García, Lagostelle-Guitiriz
2º ciclo
María Caballero 4º E.P., CEIP. Antonio Insua Bermúdez, Vilalba
Sara Puentes Antas 4º E.P. CEIP. Antonio Insua Bermúdez, Vilalba
Laura Fraga Paz 4º E.P., CEIP. Manuel Mato Vizoso, Vilalba
Lucía Rodríguez Piñeiro 4º E.P., CEIP. Plurilingüe Lagostelle

COLEXIOS DE FÓRA DA TERRA CHÁ

DEBUXO

INFANTIL
"O cuco" 6º de E.I. do CEIP de Teixeiro
"O meu burriño", de 5º, 4 anos do CEIP de Teixeiro
Xoel Regueiro García, 3 anos do CEIP de Sobrado
Uxia Santos Freire, 4 anos, do CEIP de Sobrado
PRIMARIA
1º ciclo: Jorge Villares Lopez de CEIP As Gandaras-Lugo
Lucía Sambade Fontela de Sobrado
Lara Pedride Sandá de Sobrado
Sara Perez Penas do CEIP de Arteixo
Noa Roa do CEIP de Arteixo
Noa Roade Perez de Sobrado
Ikebana Denise Villaverde Pampin do Ceip de Arteixo
Leo Sanfiz Pircadu do CEIP de As Gandaras-Lugo
Andrés Perez, Andrés Reus e Uxia do CEP San Vicenzo de Vimianzo
David, Xian e Hugo do CEP Riomaior de Vilaboa
2º Ciclo
Dani Ramos, 4º, CEP Lois Tobio de Viveiro
Claudia Regueiro Sanchez de Xanceda

Diego Ayaso Arnoso do CEIP Heroinas de Salvora de Aguiño-Ribeira
Marta Ferenández Rego, 3º, Ceip Plurilingue Santa María de As Pontes
3º ciclo
Gabriel Vazquez Fontaiña do Ceip Heroinas de Salvora Aguiño-Ribeira
Alejandra Folgar Saiñas de Aguiño-Ribeira
Ariana María Montero do Lois Tobio-Viveiro
Yaiza Cordo Mayán de 5º do CEP Riomaior de Vilaboa
Sofía Vigo Ares 5º E.P do CEIP. Teixeiro
Adrian Lopez Ares 5º EP. do Ceip de Teixeiro
SECUNDARIA
Laura Rodríguez Porteiro, 3º da Eso do Monte Caxado de As Pontes de García Rodriguez.

POESÍA

Primaria
1º ciclo
Xogos de 1º A de E. P. do CEIP de Arteixo
2º ciclo
Lucía López Roca, 4º, Teixeiro
Secundaria
1º ciclo:
Sheila Rey Ben 2º ESO. Do IES. Nº 1, A Estrada
Eva Vaamonde Suárez, 1º ESO IES, Nº 1, A Estrada
PROSA
Primaria
1º ciclo:
Candela Rodríguez Gandoy 2º E.P., CEIP. Número 1 de Foz
3º ciclo
Xiana Abad López 5º E.P. CEIP. Teixeiro
Secundaria
1º ciclo:
Uxía Dono García, Xanceda
2º ciclo:
Sandra Ferreiro García, 4º, IES Manuel García Barros de A Estrada
Andrea Montero Silva 3º ESO, Ies nº 1 de A Estrada.
David Iglesias 3º ESO do Ies nº 1 de A Estrafa

AUDIOMUSICAIS

Primaria
CEP Riomaior de Vilaboa-Pontevedra:
O rap do caracol: Miguel López Otero, o rap do corvo: Sara Lusquiños Fernández, o rap do merlo : Irene Serodio Panadero, o rap da lebre: Iria Prado Rodriguez, o rap do gato : Raquel Trabazo Veiga, o rap do cuco: Marta Cortegoso Pereira, o rap do burro: Borja Moreira Piñeiro e o rap da vaca: Ánxo Casas Pérez e Brais Aboy Martínez.

Secundaria:
"Coma o vento" musicado á guitarra por Alex García López de 3º da Eso do IES de Abegondo

TEATRO

Primaria:
"Manuel María e outros escritores" de Idaira Fontela Vicente de 6º E.P. do Ceip de Teixeiro
Secundaria: Versión de Manuel María polo Clube de lectura de 1º Eso do IES Un de A Estrada

VIDEOS – DOCUMENTAIS

Terra Chá
Primaria
Documental sobre a representación teatral de 4ºB do Insua Bermudez, dirixida por María Guerrero e protagonizada por Víctor Alvarez Vila, Adrián Anido García, Carla Caderno García, Carla Campello Currás, Andrea González Debasa, Mario López Lamas, Carmen Maseda Goás, Jimena Novo López, Leire Pita Peña, Uxía Ramil Blanco, Santiago Ramudo Anido, Nicolás Santomé Folgueira, Darío Seixas Pérez, Noa Seoane Pernas, Hugo Teijeiro Cabarcos e Laila Yañez Yañez,
Secundaria: "CANTO AO IDIOMA GALEGO". do Ies Diaz Castro Dirección e produción Sandra Tenreiro. Protagonizada por Alba Bergantiños, Maria Calvo Teijido, Paula María Currás, Sergio Díaz, Andrea Díaz, NIcole González, ALba Morado, Brais Pita, Marta Rocha, Noemí Romero, Noelia Santalla, Verónica Carballeira, Diego Castro, Sara Castro, Xabier lópez Fraga, Noa Pena Bodenlle, Andrea Teijido Caínzos, Edgar Cobas Río, Laura Lobeiras, Nuria Losada, Sheila Pérez, Laura Porto, Alberto Cristóbal Suriel Soriano, Oscar Novo Martínez, Vicky Speranza de Jesús, Fernanda Cabezas.

Outros colexios
Infantil:
Vídeo "O lobo", da clase de 5 anos do San Vicenzo de Vimianzo (Gael Alonso , Nagore Alvarellos, Marco Alvite, Claudia Baña, Samantha Canosa, Enzo Canosa, Adrián Collazo, Xoel Esperante, Brais Freire, Sara Infesta, Iera Lema, Matín López, Pablo Martínez, Mauro Mouzo, Kevin Parga, Nerea Pérez, Sara Rodríguez, Lis Romero, Doudou Sarr, Daniel Vieites).
Video "O Sol" e "Arco da Vella", da clase de 4 anos do San Vicenzo de Vimianzo
(Brai Ameijeiras, Mayra Arias, Iván Cundíns, Adrián Fidalgo, Andrea Jiménez, Manuel Lado, Aitana Lema, Davor Lema, Damián Lema, Marco Maneiro, María Paadín, María Pardiñas, Damián Pereiras, Sara Roget, Izan Santabaya, Iker Velo, Pedro José Vieites, Carmen Villar).
Video de representación teatral de 5º A do centro de Riomaior de Vilaboa de Pontevedra. :

FOTOGRAFÍA

Terra Cha´
Primaria
Abel Pena Bodenlle, Colexio Lagostelle-Guitiriz
David Hermida Mouce do Mato Vizoso de Vilalba
Secundaria
Noa Pena Bodenlle, Ies Poeta Diaz Castro de Guitiriz

Fora da Terra Chá
Primaria:
María Bello Vazquez de Xanceda
Antía López Fernández, Xanceda
Gloria Iglesias Grobas, Xanceda

COMIC
Terra Cha
Erea Platas Castro de Mato Vizoso (2º)
Alexia Cendán Rego do Mato Vizoso (5º)
Outros colexios:
3º ciclo de EP: Anxela Merelas Salgado: Teixeiro
Xiana Abad Lopez de 5º EP, Teixeiro
Secundaria
David Barreiro Rebolo, do IES Manuel García Barros de A Estrada

MURAIS
Jesús Vazquez Roca de 4º P. de Lagostelle-Guitiriz
Outros colexios
Primaria
5º de Primaria de Teixeiro
Secundaria
Lucía Beade do Ies de Abegondo

PREMIOS ESPECIAIS

1.- Achegamento ás vangardas do século XX a través da mirada de Manuel María". por alumnos de 3º da ESO do IES da Terra Chá, Castro de Ribeiras de Lea: Sergio Peteira Iglesias , Miguel Ängel López Puente, Nicole Labrada Areán, Joel Folgueira Fernández, Sandra Lamas Díaz, Alba Sinde Paz, Candela Rodríguez Otero, Iria Prieto Del Río, Lucía Andión Rico e Irea Santalla Rodríguez
b) SERIE DE DEBUXOS inspirados no poema "Galicia" de Os soños na gaiola por alumnos de 1º de primaria do CEIP de Foz nº 1: Alejandro López Méndez, Aroa Dovale Perez, Ismael El Akkaqui, Jana Lage Lousas, Carolina Trincado Sobrillno, Esteban Gorgojo Cuba, ALI lakrim El Khiari
c) Versión do poema "Xogos" do libro "Os soños na gaiola" de Manuel María, polos alumnos/as do 1ºA CEIP DE ARTEIXO: Álvaro Atrío Suárez, Miguel Baltar Añón, Izán Botana Suárez, Paula Castro Chans, Francisco Felípez Zas, Omar Fernández Pan, Tomás Figueroa Ríos, Carlota Freire Cerdeiro, Aiberson Galán Marte, Naiara García Eiroa, Lola García-Loygorri Fariña, Marina Gil Ramil, Laura Lagüela Ferreiro, Natalia López de la Fuente, Andrea López Méndez, Sebastián López Pérez, Maia López Rodríguez, Manuel Martínez Rabuñal, Izan Mira Barbeira, Javier Moinelo Martínez, Enzo Montes Ordóñez, Lucas Suárez Bello, Noa Suárez Otero, Malick Sylla, Noelia Vázquez Fernández e Ikebana Denise Villaverde Pampín

POEMAS ILUSTRADOS DE 3º DO CEIP PLURILINGUE SANTA MARÍA DE AS PONTES
Aitana Alonso Torrente, José Luís Castro Castro, Marta Fernández Rego. Antonio Graña Montero, Douaa Karim Karim, Diego Lozano Calvo, Noa Purriños Justo, Eliana Rivas Rodríguez, Claudia Rodríguez Bellas, Xalo Rodríguez Pena, Lara Rodríguez Rodríguez, Dariia Vanholska.

Esta revista componse de traballos presentados neste Certame, algúns foron premiados como advertimos na relación que publicamos, outros foron seleccionados para integrar o corpo desta revista pola súa forza comunicativa. A todas e todos, gracias.

Queremos espallar esta revista por todo o país, si alguén quere agasallar con ela a alguén que a pida, mesmo de números anteriores (xermolos@xermolos.org)

Podedes ver e descargar a revista na páxina web de Xermolos en formato Pdf en cor.
www.xermolos.org

Maquetado por Paco Ja
Guitiriz, xullo do 2016

NOA PENA BODENLLE
Premio de fotografía

ASOCIACIÓN CULTURAL XERMOLOS

www.xermolos.org

Xermolos

Xermolos

@ACXermolos

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

Cultura

CONCELLO DE GUITIRIZ